FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/10
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, martes 11 de novembro de 2025 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
M. TERESA BATALLA ROMERO
RAMON ABUÍN GÓMEZ

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA
ANGEL JAMARDO REY

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE 2025

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2024.
4. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE.
6. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.
7. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 12 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS
8. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO
9. OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A TÍTULO PÓSTUMO A DON XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA

C) MOCIÓNS:

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS:

10. MOCIÓN DO PP DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
11. MOCIÓN DO BNG DE ACONDICIONAMENTO DA EIRA DA MALLA DE BEXO

C.2. MOCIÓNS URXENTES

D) CONTROL DO GOBERNO:

12. ROGOS E PREGUNTAS
13. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas tardes, son as oito da tarde e empezamos co pleno ordinario do mes de novembro que adiantouse uns días. Normalmente son os xoves e este faise hoxe por unhas razóns que explicaremos despois."*

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

"EXPTE: 2025/G006/000362
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta das resolucións que van desde o número 476/2025 ao 592/2025, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE 2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Expediente: *2025/G006/000323*
Asunto: *Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 3º trimestre 2025*
Trámite: *Proposta para o Pleno*

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 3º trimestre 2025 (enviado o 30/10/2025)
-Informe de execución trimestral do 3º trimestre 2025 (enviado o 31/10/2025)
-Coste efectivo dos servizos 2024 (enviado o 30/10/2025)
-Esforzo fiscal 2023 (enviado o 07/10/2025)
-Líneas fundamentais presuposto 2026 (enviado o 05/09/2025)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2024.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: *2023/X999/000092*
ASUNTO: *INFORME- RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2022.*
TRÁMITE: *DACIÓN DE CONTA AO PLENO*
Elaborado o informe resumo dos resultados do control interno no exercicio 2024 por parte da Secretaría-intervención municipal asinado en data 03/11/2025 (informe núm. 179/2025), ao abeiro do indicado nos artigos 213 e 218 do texto refundido da lei reguladora das

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

facendas locais, así como no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 29 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local, dáse conta do mesmo ao Pleno da Corporación.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

4. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí teño que dar en conta da sentencia número 346 do 25 en contra do Concello de Dodro, interposta por unha traballadora, produto da aplicación da RPT do ano 2019, aprobada naquel momento polo goberno que despois resultou saínte y que incluía unha baixada de soldo, baixada de retribucións á gran parte dos traballadores deste concello.*

Afortunadamente, digo afortunadamente solo, esta RPT foi posta en funcionamiento digamos, no ano 23, foi retrasado todo o que se puido, hasta que nos vimos obligados a poñela en vigor para poder cambiala, tan pronto puideramos, desgraciadamente tardamos algo máis do que nós pensabamos.

Digo que solo unha traballadora, afortunadamente, demandou o Concello por esta baixada de salarios que non era nin a intención do goberno que estaba neste momento nin era o que pretendíamos. Aínda asi, produto dunha defensa, bueno bastante boa, solo condenaron ao Concello de forma parcial ao abono de 500 euros brutos máis os intereses.

Quero dalo en conta a este Pleno e os presentes, porque é un exemplo máis, do que é política sin pensar no futuro. Que parece que é unha boa idea, quitarlle cartos aos traballadores, algún saberá, por qué. Despois o resto do Concello que somos o resto dos veciños, temos que facer frente a esas decisións absolutamente fora de sentido común.

Temos tamén que decir que a declaración institucional do día 25 de novembro, nos adherimos á FEGAMP, dígoo para que os resto dos concelleiros tamén o sepan que é unha declaración sobre a violencia de xénero do día 25 de novembro, que envía a FEGÁMP, de acordo, un pouco, con todos os concellos de Galicia, será a que adopte en principio este pleno."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*"**EXPEDIENTE**: 2025/G016/000001*
***ASUNTO**: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE.*
***TRÁMITE**: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO*

O prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso para a xestión indirecta por concesión da explotación do servizo por consumo público municipal de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento do Concello de Dodro establece, na súa cláusula 8.3, relativa ás tarifas, que "O concello comprométese a aprobar as ordenanzas fiscais pola prestación do servizo municipal de auga e sumidoiros, saneamento e deputación contidas na proposta que sala elixida no presente concurso, que se verá incrementado co correspondente IPC anual".

A Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable (BOP 28/02/2007 núm. 48) indica que "A cota tributaria fixada no artigo 5.1 da presente Ordenanza modificarase anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estatística".

Con Rexistro de Entrada núm. 202599900000914 preséntase por parte da representante da entidade VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U., con CIF A66141185, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, escrito no que se expón:

"1.- Que VIAQUA S.A.U. é a concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais do Concello de Dodro.
2.- Que a cláusula 8.3. do Prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso da xestión indirecta da explotación dos servizos de auga potable, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais establece que as tarifas deberán revisarse de acordo co incremento que experimente o IPC anual e que o concello comprometese a aprobar as ordenanzas co citado incremento.
3.- As actuais Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, nº 14 e a Ordenanza que regula a taxa de prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais, nº 15, foron aprobadas polo Concello de Dodro, de forma provisional, por acordo plenario en sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024, e aprobado definitivamente e publicado no BOP nº 8 de 14 de xaneiro de 2025.
4.- Que para o cálculo utilizamos o Índice de Prezos ao Consumo interanual, dende a última revisión, de setembro 2024 a setembro 2025, que segundo o Instituto Nacional de Estatística, foi dun 3,0%. E aplicando dito IPC ás tarifas actuais, se obteñen as tarifas que se mostran no documento anexo."

E solicita "Que previo ós trámites oportunos, se aproben as novas tarifas de auga, conservación de acometidas e contadores, prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais para a súa aplicación o 1 de xaneiro de 2026".

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Considerando que procede, polo tanto, a modificación relativa ao artigo 5 (cota tributaria) da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable (BOP 28/02/2007 núm. 48) ao abeiro do disposto na Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 14 e que quedaría redactado nos termos abaixo indicados.

Emitido informe por Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

***PRIMEIRO.**- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 "Cota tributaria" da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable, coa redacción que a continuación se recolle:*

Artigo 5.- Cota tributaria

SUBMINISTRO DE AUGA

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*1,9711 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3 /abonado/mes	*0,2224 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3 /abonado/mes	*0,5040 €/m3*
3º Bloque máis de 20 m3 /abonado/mes	*0,6371 €/m3*
Por conservación de acometida	*0,6965 €/abonados/mes*
Por conservación de contador	*0,6965 €/abonados/mes*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*2,7712 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3 /abonado/mes	*0,3112 €/m3*
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3 /abonado/mes	*0,7052 €/m3*
3º Bloque mais de 30 m3 /abonado/mes	*0,8923 €/m3*
Por conservación de acometida	*0,6965 €/abonados/mes*
Por conservación de contador	*0,6965 €/abonados/mes*

O 10% de IVE non incluído en auga
O 21% de IVE non incluído en conservación de acometidas e contadores

ACOMETIDA DE AUGA A REDE XERAL DE ABASTECEMENTO

Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que hai que realizar na gabia e no pavimento.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Acometida auga	*Terra (€)*	*Asfalto (€)*	*Baldosa – beirarrúa (€)*
¾"	*404,55 €*	*453,88 €*	*496,19 €*
1"	*429,86 €*	*488,01 €*	*512,07 €*
1 ½"	*473,08 €*	*526,89 €*	*577,68 €*
2"	*521,33 €*	*572,64 €*	*625,35 €*

Acometidas de máis de 5 m, farase un orzamento para cada caso.
21% do IVE non está incluído nas acometidas.

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vou dar un turno a cada Portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Bueno, o prego de condicións técnicas e económico administrativas do concurso para a xestión este do subministro e da acometida á rede xeral de abastecemento, establece que o concello anualmente ten que adaptar as taxas estas ao incremento correspondente do IPC anual. E non hai moito máis que decir."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, decían vostedes, nas campañas electorais anteriores que iban a municipalizar o servizo da auga e máis da rede dos sumidoiros. Ou ben mentían ou non sabían de que falaban. O caso é que hoxe, traen a subida do 3%, tendo en conta que durante estes últimos anos, a capacidade adquisitiva dos cidadáns de Dodro, pois veuse prexudicada notablemente polos sucesivos incrementos do IPC. Non había porque subilo, pódese asumir e despois periodificalo nos anos sucesivos. Vostedes queren subirlle os precios aos veciños, nós simplemente non queremos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Moi ben moitas gracias, Portavoz do Partido Popular de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. Dende o noso grupo, non estamos de acordo con esta proposta de subida das tarifas da auga, que vai repercutir directamente nos petos das veciñas e dos veciños de Dodro. No momento no que o custo da vida sigue a aumentar, o que menos precisa a veciñanza é pagar máis por un servicio*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

básico e esencial como o é a auga. O que é máis grave, é que esta subida non ven soa. Neste mesmo pleno, traen vostedes a subida de máis impostos e de máis taxas. Á parte da auga, traen o saneamento, traen a subida das actividades deportivas, traen a subida do lixo, o que deixa claro o camiño que está a seguir este goberno. Facer caixa á costa dos veciños, en lugar de buscar outras alternativas de xestión máis xustas e máis responsables.

Dende o noso grupo, pensamos que antes de tocar o peto dos veciños, deberían de revisar gastos innecesarios, controlar mellor os contratos e priorizar realmente o que importa que é mellorar os servicios, sin aumentar a carga fiscal. Polo tanto, imos a votar en contra desta proposta, porque creemos que a prioridade do concello, debe ser axudar á veciñanza, non facerlles pagar máis, por servizos que xa custan dabondo. Nada máis que dicir.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Moi ben. Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, boas tardes a todos. Bueno, chama atención aquí, os argumentos dos PPs, o auténtico máis o reconstituído, porque este contrato firmouno o Partido Popular ca empresa concesionaria. O contrato parece redactado directamente pola empresa que lle tocou a concesión. Estráñame agora que, non queiran cumplir o contrato que eles mesmos firmaron. Ou sexa que parece, paréceme, parécenos raro. O contrato haino que cumplir, eles mesmos o firmaron e non queda outra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben moitas, grazas Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, moi boas noites a todas. No mesmo sentido non?, parece que temos un pleno moi, moi populista que á hora de presentarse diante dos veciños, dicimos que vamos a baixar, que vamos a facer, vamos a acontecer... pero as persoas que lle tocan, resulta que gobernar, teñen que necesitar e necesitan, cartos para gobernar, esa é a única maneira política. Señores e señoras non queda outra. O contrato é o que temos encima da mesa, non hai outra posibilidade, a ninguén lles gusta ter que pagar una suba, pero si a todo o mundo nos gusta ter os os servizos. Eu creo que pouco máis hai que decir neste punto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un turno máis para o voceiro do Partido Socialista de Galicia,"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Quedo un pouco abraiado, o do populismo que eles tanto pregoan... No ano 2007, creo que gobernaba este concello o Partido Popular que foi o encargado de elaboralo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*2007, fomos nós"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"No. 2007. Que no 2007, foi a principios do ano 2007, non foi do outro, o bipartito veu máis tarde. A consecuencia tamén desa labor que viñan desempeñando o Partido Popular neste concello. E bueno, as dúas formacións, tanto XD coma o PP, agora... que daquela, o actual voceiro de XD, era o... non estaba tampouco na corporación. Si, si que é verdade que foi o que substituíu ao*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

alcalde que foi aprobado, dígoo unha vez máis, polo Partido Popular. E agora, nese prego, hai que cumplir unhas condicións e néganse, os herdeiros daquel PP, néganse a facelo efectivo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu simplemente añadir, antes de pasar ás votacións que é moi bonito decir aquí que é necesario reducir gastos innecesarios, cando non se aporta ningunha sola redución de gastos innecesarios, nin se aporta vostede, o que é un gasto innecesario. É máis, desde que está este goberno, desde que se lles botou a vostedes da dirección, se está reducindo en gastos de políticos, unha cantidade ingente de cartos cada ano, vale. Eso o primeiro.*

Segundo, a mellora de servizos, precisamente hai que financialos. Si non se sube o que se paga por un servicio que non é un imposto, recórdoo. É un servicio, non é un imposto, hai que ter certa claridade do que se fala e saber o que se esta dicindo.

Terceiro, recordo que do 2011 ao 2019, dúas persoas que están aquí sentadas, bueno corrixo, tres persoas das aquí sentadas, estiveron subindo, esta taxa de xeito anual, ano tras ano, o IPC que é o que di o contrato. É curioso que agora, de repente, cando están gobernando uns, é normal é o que hai que facer, e agora de repente, non lles parece ben. Pois bueno, parece que a xente non temos memoria, pero si, desgraciadamente para algún, temos memoria e acordabámonos do que pasaba hai 4 días, vale. Entón, dito esto, si lles parece, vamos a proceder á votación."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

6. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

*"**EXPEDIENTE**: 2025/G016/000002*
***ASUNTO**: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.*
***TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO*

O prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso para a xestión indirecta por concesión da explotación do servizo por consumo público municipal de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento do Concello de Dodro establece, na súa cláusula 8.3, relativa ás tarifas, que "O concello comprométese a aprobar as ordenanzas fiscais pola prestación do servizo municipal de auga e sumidoiros, saneamento e deputación contidas na proposta que sala elixida no presente concurso, que se verá incrementado co correspondente IPC anual".

A Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais (BOP 08/03/2007 núm. 55), establece que "As cotas tributarias fixadas no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estatística".

Con Rexistro de Entrada núm. 202599900000914 preséntase por parte da entidade VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U., con CIF A66141185, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, escrito no que se expón:

"1.- Que VIAQUA S.A.U. é a concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais do Concello de Dodro.
2.- Que a cláusula 8.3. do Prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso da xestión indirecta da explotación dos servizos de auga potable, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais establece que as tarifas deberán revisarse de acordo co incremento que experimente o IPC anual e que o concello comprometese a aprobar as ordenanzas co citado incremento.
3.- As actuais Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, nº 14 e a Ordenanza que regula a taxa de prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais, nº 15, foron aprobadas polo Concello de Dodro, de forma provisional, por acordo plenario en

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024, e aprobado definitivamente e publicado no BOP nº 8 de 14 de xaneiro de 2025.
4.- Que para o cálculo utilizamos o Índice de Prezos ao Consumo interanual, dende a última revisión, de setembro 2024 a setembro 2025, que segundo o Instituto Nacional de Estatística, foi dun 3,0%. E aplicando dito IPC ás tarifas actuais, se obteñen as tarifas que se mostran no documento anexo."

E solicita "Que previo ós trámites oportunos, se aproben as novas tarifas de auga, conservación de acometidas e contadores, prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais para a súa aplicación o 1 de xaneiro de 2026".

Considerando que procede, polo tanto, a modificación relativa ao artigo 6 (cota tributaria) da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais (BOP 08/03/2007 núm. 55) ao abeiro do disposto na Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 15 e que quedaría redactado nos termos abaixo indicados.
Emitido informe por Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

***PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 "Cota tributaria" da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, coa redacción que a continuación se recolle:*

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

1. SERVIZO DE EVACUACIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*1,9074 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3/abonado/mes	*0,1541 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3/abonado/mes	*0,4978 €/m3*
3º Bloque de máis 20 m3/abonado/mes	*0,6522 €/m3*
Por conservación de acometidas €/abonados/mes	*0,8964*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*2,6700 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3 /abonado/mes	*0,2165 €/m3*
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3 /abonado/mes	*0,6970 €/m3*
3º Bloque de máis 30 m3 /abonado/mes	*0,9148 €/m3*
Por conservación de acometidas €/abonados/mes	*0,8964*

C) Abonados sen subministración:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Cota de servizo (fixa)	*3,4521 €/mes*

10% do IVE non está incluído en sumidoiros.
21% do IVE non está incluído en conservación de acometidas.

2. ACOMETIDA A REDE XERAL DE SUMIDOIROS

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia e pavimento.
Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e cerramento e reposición de pavimento)
Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia e pavimento

Acometida sumidoiros	***Terra (€)***	***Asfalto (€)***	***Baldosabeirarrúa(€)***
F-160	*518,70 €*	*592,80 €*	*666,89 €*
F-200	*548,33 €*	*622,41 €*	*696,51 €*

Nas acometidas de máis de 5 m, farase un orzamento para cada caso.
21% do IVE non está incluído nas acometidas.

3. SERVIZO DE DEPURACIÓN

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*2,2314 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3 /abonado/mes	*0,2060 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3 /abonado/mes	*0,4669 €/m3*
3º Bloque de máis 20 m3 /abonado/mes	*0,5905 €/m3*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*3,1088 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3 /abonado/mes	*0,2959 €/m3*
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3 /abonado/mes	*0,6534 €/m3*
3º Bloque de máis 30 m3 /abonado/mes	*0,8268 €/m3*

C) Abonados sen subministración:

Cota de servizo (fixa)	*4,2914 €/mes*

O 10% de IVE non está incluido en depuración

4. SERVIZO INSPECCIÓN E ANÁLISES VERTIDOS

a) As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises mínimo esixidas polo Regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

Parámetros	***€/param.***
PH	*6,90 €*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Condutividade	*6,90 €*
Sólidos en suspensión totais	*20,91 €*
D.B.O5	*43,69 €*
D.Q.O.	*35,14 €*
Fósforo total	*19,36 €*
Nitróxeno amonacal	*16,32 €*
Sulfuro	*24,14 €*
Aceites e graxas	*82,92 €*
Recollida e envío da mostra laboratorio	*20,93 €*
Total	*377,22 €*

O custo dos demais parámetros de verteduras limitados a analizar en cada caso atendendo á actividade da empresa son os seguintes

Parámetros	***€/param.***
Aluminio	*44,50 €*
Arsénico	*66,71 €*
Bario	*44,50 €*
Boro	*22,23 €*
Cadmio	*44,50€*
Cromo hexavalente	*31,15 €*
Cromo total	*44,50 €*
Ferro	*31,15 €*
Manganeso	*31,15 €*
Níquel	*44,50 €*
Mercurio	*66,71 €*
Chumbo	*44,50 €*
Selenio	*66,71 €*
Estaño	*61,18 €*
Cobre	*31,15 €*
Zinc	*31,15 €*
Cianuros totais	*71,43€*
Cloruros	*20,02 €*
Sulfitos	*57,27 €*
Sulfatos	*35,56 €*
Fluoruros	*35,56 €*
Fenois totales	*40,36 €*
Aldehidos	*53,35 €*
Deterxentes	*41,52 €*
Pesticidas	*592,74 €*
Toxicidade	*190,79 €*

B) As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

Por inspección e informe 160,06 *234,40 €*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

21% de IVE non está incluído en as taxas de análises e inspeccións.

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto basicamente, é exactamente o mismo do que estivemos falando. O sea, si vos parece, un turno a cada un, a ver si temos que algo de sorte e non nos repetimos demasiado. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si que como di o alcalde, non hai moito máis que engadir, é idéntica a anterior."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, pola brevidade. Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, pois, unha vez máis, o tema da memoria fai o que fai sempre, mentir día si e día tamén. Mire, durante eses 8 anos, nunca se...houbo anos nos que non se subeu. Houbo anos nos que non se subeu a tarifa da auga nin dos sumidoiros. Houbo anos nos que nunca se subeu, nos que non se subeu. Pero bueno, eran outros tempos, daquela goberna o BNG, estaba o BNG aínda antes de dividirse, porque hoxe temos un BNG e outro BNG restituído. Acórdome aqueles BNGs que viña a preguntar se se lle pagaba algo ou non, aos concelleiros que se separaban . Que tiña moito medo a que se levarán os cartos do partido e cousas destas. Excelente relación, aquela que había nos BNGs daquela non? Pois mire, no, pois esto pódese facer da seguinte forma, simplemente chegando a un acordo ca empresa, decindo que pospoña a subida e esa subida se repercute nos anos, nos anos seguintes. É moi fácil, pero bueno, hai que ter... hai que pensar un pouco, claro. Cando un está pensando e centrándose, única e exclusivamente, no concurso de cans... É imposible, ou estás aos cans, ou estás aos veciños. Entonces, a algún váiselle a cabeza, pensando en sacar a foto do concurso de cans."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa tardabas."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Y entonces claro, pois así estamos, e así nos vai. Total, a el que máis lle da, pagan os veciños, pois xa está."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, xa vemos que houbo variedade nestas intervencións. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós remitímonos ao dito no punto anterior, pero, como o señor alcalde, nos invita a que lle digamos en que pode non gastar e non meter cartos superfluos, voulle decir algún. Por exemplo, podría aforrar os 6.000 euros que lle paga a unha persona por facerlle as publicacións nas redes sociais, 6.000 euros. Podía aforrar 15.000 euros das publicacións que fai en moitos medios de prensa e incluso de radio para darse o autobombo, este equipo de goberno. Se quere enumérolle máis, pero creo que con eses dous que si consideramos, nos consideramos que son gastos superfluos, porque son un pouco para vender, non sei o que. Pois aí xa terían un pouco para cubrir parte desta suba. Aparte de eso, non recordo ao señor alcalde que neste pleno xa dixo, en varias ocasións que iban a negociar este contrato. É moi fácil botarlle a culpa, a un alcalde que foi alcalde de Dodro, por certo, 28 anos que foi quen firmou ese contrato e que avalou a maioría da veciñanza de Dodro. Pero ustedes que iban a negociar e iban a conseguir un mellor precio da auga para todos, levan 6 anos dicíndoo e nós, non vimos absolutamente ningunha mellora nin ningunha negociación. Recordámoslle que ahora moi preto, acaba este contrato e bueno, esperaremos a ver que é o que negocian vostedes. Nada máis que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de agrupación de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *''Si, bueno. É moi curioso aquí, o que propón aquí o portavoz de Xente de Dodro. O sea que aplacemos este ano o incremento do IPC e que cobremos todo para o ano. A ver, eu creo que á xente vaille ser mellor, ir pagando pouco a pouco que pagar todo o próximo ano. Pero bueno, son ideas así que ten este portavoz que de vez en cando... en fin. Bueno eu rogaríalle tamén o goberno eso bueno, esto é o mismo que o punto anterior, pero creo que para o ano vence o contrato. Que se poñan a traballar xa, nese contrato. A nosa posición xa saben cal é; a nosa posición, de Unidade Veciñal de Dodro é a municipalización e que imos apostar por ela. Outra cousa que non sea eso que sea a volver a privatizar, a nós, xa sabe a nos postura, teranos en contra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Na liña do punto anterior, retomando un pouco a testemuña que acaban de decir. Eu non creo que cos números que temos encima da mesa, sexa posible a municipalización ahora mesmo, do contrato da auga e dos saneamentos. Eu creo, sinceramente, a nada que se vexa o orzamento de 3 millóns de euros, creo recordar, do Concello de Dodro, vale? En todo caso, si que hai que, non queda outra que subir o IPC e cumplir o contrato. Hai que cumplir un contrato, o que pasa é que claro, si estamos instalados no populismo... Queda moi bonito vir aquí: nós non estamos a favor de que os veciños paguen máis. Eso decíao un alcalde que gobernaba aquí durante 28 anos. Efectivamente, si señor, sigan así que así vainos a ir ben.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Sen embargo, o BNG en este punto e igual que no anterior que é a mesma empresa, verdade? O que lle vamos a rogar ao goberno, é que na mellora, a ser posible do contrato que teñamos, máis limpeza do que é o saneamento que temos, agora mesmo no concello de Dodro, por parte da empresa adxudicataria e tamén que os cortes de auga que a poder ser que por favor, os comuniquen e que os anuncien. Que eso é unhas eivas que se nos queixa a veciñanza. Eso é a mellora que polo menos, con base ao incremento do IPC que merecen os veciños de Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un último turno ao portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno. Eu simplemente, decirlle ao voceiro de XD que é o único que esta en posesión da verdade. Máis ben, sería da mentira".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Eu remato remato..."*

Interrompe Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro de forma inintelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, non está vostede no uso da palabra."*

Interrompe Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro de forma inintelixible.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, compórtese, señor Alfonsín. Non está vostede no uso da palabra.*

Bueno e eu decirlle simplemente, ao portavoz da agrupación de Xente de Dodro que non me parece intelixente, mezclar churras con merinas, vale? Vostede saberá o que son churras e vostede sabrá o que son merinas. Se non sabe, explícollo ao acabar o pleno, vale? Pero ser... ser tan demagogo, de vir aquí a contar mentiras.

Segundo, 2011 e 2019, non gobernaba o BNG nin o bipartito, estaba falando deste período, desde antes, quero decir que repases.

E segundo, á portavoz do Partido Popular, sobre o tema de mellora de xestión. Teño que recordarlles que vostedes, no ano 19, firmaron un acordo ca Voz de Galicia, coa intención de non salir do concello, de publicidade que é basicamente o que se está mantendo. No ano 2019, firmou vostede non, perdón o anterior alcalde, o que estaba, o que gobernaba, o que gobernaba o concello cando vostede era tenente de alcaldesa. Eso é o primeiro. O mismo contrato que se asinou no ano 2019, por parte do anterior alcalde é o que se mantén hasta agora.

Segundo, as dúas cantidades que vostede dixo son 15.000 máis 6.000, recórdolle total 21.000 euros. O percibido pola tenente de alcalde, en aquel momento e o percibido polo alcalde, naquel momento, eran aproximadamente 28 y 39 aproximadamente, uns 70.000 euros. Entonces dígolle, xa estamos aforrando bastantes cartos para poder gastar en

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

publicidade que poña o Concello de Dodro, onde se merece y que alguén xestione as redes sociais, cousa que, ningún somos expertos. Parece razonable, 6.000 euros ao ano. Que é bastante menos do que gastan outros concellos, moitos do Partido Popular e da comarca, tamén bastantes. Dito esto, vamos a proceder á votación."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

7. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 12 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

*"**EXPEDIENTE**: 2025/G016/000004*
***ASUNTO:** MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 12 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS*
***TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO*

A ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos foi publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 108 do 12/05/20206, entrando en

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vigor o mesmo día da citada publicación.

No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 55 do 22/03/2016 publicouse a aprobación definitiva da modificación primeira da ordenanza citada, relativa ao artigo 6 denominado cota tributaria.

Dende a última modificación aprobada, os custes asociados á prestación do servizo viñeron sufrindo un incremento significativo vinculado ao aumento xeralizado dos prezos e ao contexto inflacionario de xeito que a falta de actualización das tarifas conleva unha diminución progresiva da cobertura dos custes do servizo afectando á capacidade do concello para manter os niveles de calidade actuais.

Preténdese, en consecuencia, modificar o artigo 6 (cota tributaria) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, a fin de garantir que a recaudación cubra o custe evitando desequilibrios financeiros, o cal quedaría redactado nos termos indicados no ANEXO.

O artigo 25.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a fixación ou modificación das taxas se levará a cabo mediante a correspondente ordenanza fiscal, tras o cumprimento dos procedementos establecidos nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal.

Emitido informe técnico- económico así como informe de Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 "Cota tributaria" da ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, coa redacción que a continuación se recolle:*

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

A. Escolas deportivas municipais: (euro/trimestre)

- *Maiores de 16 anos: 25,00 euros*
- *Menores de 16 anos: 18,00 euros*

B. Actividades deportivas de verán (xullo-agosto):
- *Maiores de 16 anos: 25,00 euros/bimestre*
- *Menores de 16 anos: 18,00 euros/bimestre*

C. Cursos específicos de duración superior a 20 horas: 10,00 euros

D. Utilización do ximnasio (inclúe 12 horas/mes)

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. *Aboamento mensual: 25,00 euros*
2. *Aboamento trimestral: 60,00 euros*

   Clubs deportivos e asociacións culturais ou deportivas sen fins de lucro inscritas no rexistro de asociación do Concello (1 h/semana):

3. *Aboamento mensual: 10,00 euros*
4. *Aboamento trimestral: 25,00 euros*

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Basicamente, é o que di. Vaina defender o portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno. Vemos que a ordenanza fiscal número 12 que tamén data do ano 2006 que entrou en vigor, logo da publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estamos observando que desde a última modificación aprobada, os custes asociados á prestación de servicio, viñeron sufrindo un incremento significativo, vinculado o aumento xeralizado dos precios e o contexto inflacionario. De xeito que a falta de actualización das tarifas, implica unha diminución progresiva da cobertura dos custos do servicio, afectando á capacidade do concello para manter tales niveles.*
Tal como indica o seu artigo 6, a cota tributaria di, si se pode modificar que é esto, o que traemos o pleno, as cotas, tal e como estaban antes e agora. E vou falar sobre as cotas tributarias, o que se pretende facer. A ver, nas escolas deportivas municipais que estaban, os maiores de 16 anos euro/trimestre, estaban en 17 euros e propoñemos que pase 25 euros. Logo, os menores de 16 anos que estaban en 11,50, proponse que pase a 18. As actividades deportivas do verán, de Xullo e Agosto, de Xullo a Agosto, estaban os maiores de 16 anos, 17 euros bimestre, pasando a 25 euros bimestre. Os menores de 16 anos, de 11,50 pasarían a 18 euros. Os cursos específicos de educación superior a 20 horas que estaban en 5,50, pasaban, pasan a 10 euros. A utilización do ximnasio, inclúe 12 horas o mes o abono mensual estaba en 17 euros pasa a 25 euros. O abono trimestral de 40 euros, pasa a 60 euros. Os clubs deportivos e asociacións culturais ou deportivas sin fins de lucro, inscritas no rexistro de asociación do concello, unha hora a semana, o abono mensual estaba en 17 euros pasa a... un momento, estaba en 6.50 e pasa a 10. O abono trimestral de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

16 euros pasa 25. E logo... bueno, continuar a tramitación e a publicidade preceptiva, é o que se trae aquí para aprobar. A subida, como poden observar, non é moi significativa, tendo en conta o que se está pagando en outros concellos limítrofes."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz da agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Isto non vai xa mo cortaron? O tema é , di vostede que non é significativa."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"No."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*:* *"Bueno, non é significativa para vostede, porque para os veciños de Dodro, tendo en conta todas as subas, seguramente é significativa, moi significativa. Nalgúns precios, están ao mismo nivel, incluso por riba, do que son os ximnasios privados, particulares. A cuestión é que todo esto, sin ter mellor servizo, porque os servizos dende logo que non melloraron. Vostedes, primeiro crean o gasto e despois, cando non lle dan as contas, apurados por Facenda, entonces incrementan os impostos. Que é o único que saben facer, porque outra cousa, outra solución non, non se lles apunta. Son incapaces de discurrir outras salidas, pero claro, esto é o que, o que é o máis fácil sempre, é incrementar o gasto e despois xa veremos como o pagamos non?*

Eu repito, eran vostedes os que decían que ian a municipalizar o SAF. O SAF, hoxe costa 25.000 euros máis ao mes, pero eran vostedes os que, fai 6 anos, decían que o iban a municipalizar. Eran vostedes, os que decían sempre que iban a municipalizar o servizo da auga. Como eran vostedes tamén, os que iban a levar o centro de saúde para Lestrobe, no, para Tallós, íbano a levar para Tallós. Levan 6 anos gobernando, tuveron 4 anos de bipartito e ao final, a culpa é dos anteriores, porque vostedes non teñen culpa de nada. Esto é como Pedro Sanchéz que 50 anos despois, lle está botando a culpa a Franco, de que seu sogro tuvera que vivir dos prostíbulos, eh! Claro, porque todo esto ven dos gobernos do PP.

En 6 anos, vostedes en 6 anos, sacaron a contratación do SAF, fai escasos meses. Pero eran vostedes os que decían que iban a municipalizalo para dar mellor servizo, pa pagar mellor as empregadas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estamos falando das taxas deportivas. Recórdolle que pódolle quitar o uso da palabra, se non se centra vostede no que estamos falando. Por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*:* *"Vostede, en 6 anos, deixou que os precios se dispararán e ahora non ten forma de controlar o gasto, que vostedes mesmos crearon."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular de Dodro, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. Esto de botarse a culpa uns os outros, a verdade é que non ten moito sentido, tanto por parte do equipo de goberno,*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

como por parte de outros concelleiros da oposición. Aquí estamos para debatir os puntos da orde do día e é o que imos a facer.

Estamos no terceiro, se non me esquezo si, no terceiro punto dos acordos, outra subida de taxas é o que imos a debatir. E esta vez, os servizos municipais, os servicios deportivos. Falamos dunha subida que decía o señor teniente alcalde que non supoñía moito, falamos dunha subida en algúns casos, do 75% que afecta, tanto aos usuarios habituais, como veciños e veciñas, como os clubs e asociacións sen ánimo de lucro ou asociacións deportivas do concello que ademais, realizan un traballo esencial no noso concello, moitas veces sin ningún tipo de axuda nin de subvención e con moito esforzo. Ahora en lugar de apoiar esta labor, o Concello decide cobrarlles máis por facer o que mellor fan que é promover o deporte e a vida activa. Bueno, pois se lle parece que está ben... adiante. Fan un traballo social que o concello debería de apoiar e debería de facer e non penalizalo, subíndolle os importes.

Dende o noso grupo, pensamos que antes de volver a cargar sobre os petos dos veciños, o equipo de goberno, debería de mirar cara dentro e reducir, outra vez, os gastos superfluos: publicidade, propaganda, campañas autobombo... Que pouco aportan á veciñanza e cosan moitos cartos. Se se controlaran vostedes mellor estes gastos, quizás non sería necesario que subir as taxas e a quen simplemente fai deporte. O noso grupo non comparte nin a forma ni o fondo desta proposta. Pensamos que o concello debería de facilitar o acceso ao deporte, non encarecelo e moito menos, mentras gasta sen control noutras partidas que nada teñen que ver, co benestar real dos nosos veciños."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, en fin. Eu creo que hai un erro aquí , no tema de os usuarios menores de 16 anos, aquí pon 314, eu non sei se haberá 314 rapaces menores de 16 anos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Posiblemente son, si si hai. Do censo, esto sácase do censo, entendo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, pode ser. Pero a escola van cento e pico, non creo que... ata 314, bueno, en fin. Nós imos votar a favor. Pero tamén botamos en falta aquí que se podía facer un abono reducido que non se contempla que en outros concellos por aí, da comarca, teñen contemplados abonos reducidos para persoas con discapacidades ou xubilados e pensionistas con baixos ingresos, incluso para parados e non o vemos... diríalle ao goberno que contemplaran eso ou se é posible. A ver, vemos que é unha actualización que desde 2014, non se fixo ningún tipo de actualización dos precios, e bueno, de feito, creo que estes 17 euros que se pagaban, pagábanse pasando de pesetas a euros, daquela no 2014, pasouse directamente do que estaba en pesetas, pasouse a euros, non foi unha subida, foi unha actualización de pesetas a euros creo, o que se fixera daquela. Entonces bueno ,vemos que tampouco é unha cantidade moi grande, debe de ser, tamén agora, os 25 euros, dos concellos da comarca, debe de ser o importe máis baixo de todos eles e imos a votar a favor."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Alguén dixo aquí, neste pleno que bueno que se primeiro que o goberno que creaba o gasto, eu non estou no equipo de goberno, pero tamén teño memoria e resulta que quen creou realmente o pavillón polideportivo que temos, foi inaugurado a medidos dos anos 90, gobernaba o Partido Popular.*

Eu particularmente, estou moi contento de ter o pavillón polideportivo, pero, estou máis contento aínda, de ter o pavillón polideportivo ben equipado, como creo que está e con taxas actualizadas, igual que calquera outro sitio que temos na comarca cando se utilizan os pavillóns polideportivos. E non son, agora mesmo, tendo en conta o que acaba de expresar aquí o tenente de alcalde, non son unhas taxas desorbitadas, comparado con servizos que temos en Dodro que evidentemente, podemos mellorar. Estou de acordo, por exemplo, co que acaba de propoñer o portavoz de Unidade Veciñal, un abono reducido por suposto, pero desde logo, temos que tirar de cartos para poder manter o servizo. Non é como cando se inaugurou o pavillón polideportivo que viñan cartos da Deputación, hala! veña eu tamén quero un pavillón polideportivo, que teño 3.000 habitantes "y yo me lo pido". Non, non funciona así, hai que manter un servizo, e o servizo costa cartos. Pódese ser aquí moi populista, pero hai que pagalo, estar na oposición, é decir, que non, non, non, eu taxas non que os veciños van ... Eso, quedamos moi ben e quedamos moi ben incluso, no período preelectoral decindo que non vamos a aumentar os impostos e logo despois taca, os primeiros, o Partido Popular, en poñer impostos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz, último turno portavoz do Partido socialista pa defender a..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno. Eu soamente, para contestarlle ao voceiro de XD. Que facer facía o que quería, así o facía, así os veciños puxérono seu sitio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, eu a verdade é que vamos a pasar á votación e quería deixar claro dúas cousas.*

Aquí hai xente que nin se molestou en lerse, para empezar os programas dos partidos que estamos aquí. No programa do partido que ten vostede aquí, ao aparato, encantaríame que fixera un escaneo que fixera, eso que dice que nós pretendiamos municipalizar certos servicios, faga o favor de revisalo que eu os teus, os teus, sígoos tendo eh! Para que sepas, por se algún día te pasas de frenada...

Segundo, si se molestara vostede en ler este informe, vería que o coste dos servicio é de 63.000 euros/ano, con esto que se supón? Que subimos, recibimos 18.000 euros. O servizo, é deficitario para o concello 45.244 euros. Para a portavoz do Partido Popular que lle quede claro que esto si que é subvencionar o deporte no concello de Dodro: 45.000 euros/ano que nos costa con estas subas. Segundo, voulle decir a vostede outra cousiña máis, dése unha volta polo ano 2006, gobernaba un partido que daquela xa se chamaba Partido Popular, ou

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

era Alianza Popular? Polas deudas cambiou de... non sei, xa era Partido Popular, vale, vale. Cambiou antes, tes razón, pagábase 5 euros/mes, 15 euros en 2006, sabe canto sale ahora? 8 euros/mes. Revise vostede as contas. Desde o 2006 ata o 26, van alá 20 anos, subiuse 3 euros/mes. Me parece que tampouco nos pode acusar vostede aquí, de esquilmar á xente pola subida da vida en nada. Seguro que subeu moito máis a cerveza, a comida... e incluso as reparacións de automóbiles, moito máis que 3 euros o mes.

Dito esto, me parece que as tarifas son sensatas, a todas luces, insuficientes. Pero aínda así, vamos a seguir asumindo que o deporte é completamente necesario, vamos a seguir mellorando as instalacións deportivas, vamos a seguir investindo cartos en deporte... É unha proba, é precisamente esta misma ordenanza. Se vostede a revisa, páxina 3 de 4, 18.080 de provisión de ingresos, custe total dos servicios 63.324. Revise por favor. Outra cousa é que xa tiña que vir con elas revisadas. Por favor, vamos a votar esto."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

8. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

*"**EXPEDIENTE**: 2025/G016/000003*
***ASUNTO:** MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 10 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO*
***TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO*

A ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de recollida do lixo foi publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 253 do 03/11/2004, entrando en vigor o 01/01/2005.

No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 16 do 24/01/2012 publicouse a aprobación definitiva da modificación primeira da ordenanza citada, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación no citado boletín.

No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 178 do 18/09/2014 publicouse a aprobación definitiva da modificación segunda da ordenanza citada, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación no citado boletín.

A Lei 7/2022, de 8 de abril de Residuos e chans contaminados para unha economía circular recolle no seu artigo 11 apartado 3 o seguinte:
"En el caso de los costes de gestión de los residuos de competencia local, de acuerdo con lo dispuesto en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, las entidades locales establecerán, en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta ley, una tasa o, en su caso, una prestación patrimonial de carácter público no tributaria, específica, diferenciada y no deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por generación y que refleje el coste real, directo o indirecto, de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluidos la vigilancia de estas operaciones y el mantenimiento y vigilancia posterior al cierre de los vertederos, las campañas de concienciación y comunicación, así como los ingresos derivados de la aplicación de la responsabilidad ampliada del productor, de la venta de materiales y de energía.

Deste xeito a lei obriga a establecer unha taxa ou unha prestación patrimonial non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que "permita implantar sistemas de pago por xeración", e que reflicta o "custe real" das operacións de recollida, transporte e tratamento de residuos.

Preténdese, en consecuencia, modificar a citada ordenanza fiscal a fin de que a configuración da taxa se adapte ás esixencias da Lei 7/2022 citada, nos termos indicados no ANEXO.

O artigo 25.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a fixación ou modificación das taxas se levará a cabo mediante a correspondente ordenanza fiscal, tras o cumprimento dos procedementos establecidos nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Emitido informe técnico-económico así como informe de Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de recollida do lixo, coa redacción que se recolle no ANEXO.*

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

ANEXO

Respecto do artigo 1 Fundamento e natureza, substituír o texto actual:

"Artigo 1 Fundamento e natureza.
No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa por recollida do lixo", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó prevenido no artigo 57 do devandito Real decreto lexislativo 2/2004".

Polo seguinte:

"Artigo 1 Fundamento e natureza.
Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL), de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste texto legal e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, o Concello establece as taxas polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais, que se rexerán por medio de Ordenanza.
Con esta regulación dáse cumprimento á esixencia legal de establecer unhas taxas específicas, diferenciadas e non deficitarias".

Respecto do artigo 2 Feito impoñible, sustituir o texto actual:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"Artigo 2 Feito impoñible.
1.–Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2.–A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou "detritus" procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, "detritus" humanos, e materiais contaminados e corrosivos, perigosos ou aqueles que a recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade."

Polo seguinte:

"Artigo 2 Feito impoñible.
1. Constitúe o feito impoñible da taxa o servizo de recepción obrigatoria de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2.n) da Lei 7/2022.
2. Este servizo resulta de recepción obrigatoria.
3. Considéranse residuos domésticos:
a) Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.
b) Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xeraron como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da Lei 7/2022, excepto os procedentes da limpeza da vía pública, de acordo con o previsto no artigo 21.1.e) do TRLRHL.

No artigo 5 Tarifas, substituír o texto actual:

"As tarifas sinaladas teñen carácter irreductible e corresponden a un ano.

No caso de que nunha mesma edificación coexistan distintos tipos de usos, deberase aboar, indistintamente á súa titularidade, a tarifa correspondente a cada un dos usos.

En caso de varias actividades no mesmo local, deberase aboar a tarifa pola actividade que lle corresponda un maior importe.

TARIFAS	*PRECIO ANUAL*
Vivendas	*59,40 €*
Bares, Despachos profesionais, panaderías e outros	*119 €*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Mesóns, Restaurantes - Café especial *Oficinas Bancarias* *Carpintería, madeira e metal* *Casas de Turismo Rural*	*238 €*
Tendas, ultramarinos, comercio en xeral *Talleres sen exposición*	*142,80 €*
Talleres con exposición *Hostais* *Farmacias*	*178,50 €*
Hoteis ata 10 habitacións	*357 €*
Hoteis de máis de 10 habitacións	*414 €*
Industrias, naves comerciais, fábricas e empresas de transportes *Gasolineiras*	*380,80 €*
Locais non expresamente tarifados	*59,40 €"*

Polo seguinte:

"As tarifas sinaladas teñen carácter irreductible e corresponden a un ano.

No caso de que nunha mesma edificación coexistan distintos tipos de usos, deberase aboar, indistintamente á súa titularidade, a tarifa correspondente a cada un dos usos.

En caso de varias actividades no mesmo local, deberase aboar a tarifa pola actividade que lle corresponda un maior importe.

TARIFAS	*ANUAL*
Vivendas	*90,00 €*
Bares, despachos profesionais, panaderías e outros	*195,00 €*
Mesóns, Restaurantes, Café especial *Oficinas bancarias* *Carpintería madeira e metal* *Casas de turismo rural*	*360,00 €*
Tendas, ultramarinos, comercio en xeral *Talleres sen exposición*	*230,00 €*
Talleres con exposición *Hostais* *Farmacias*	*285,00 €*
Hoteis ata 10 habitacións	*570,00 €*
Hoteis de mais de 10 habitacións	*695,00 €*
Industrias, naves comerciais, fábricas e empresas de	*700,00 €*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

transportes *Gasolineiras*	
Locais non expresamente tarifados *Vivendas turísticas*	*110,00 €*

Respecto do Artigo 7.- Declaración e ingreso, substituír o apartado 3 actual:

"3.–O cobro das cotas efectuarase semestralmente mediante recibo derivado da matrícula".

Polo seguinte:

"3.–O cobro das cotas efectuarase cuadrimestralmente mediante recibo derivado da matrícula".

Engadir a seguinte Disposición Adicional:

"Disposición Adicional. *- Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.*

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e demais normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos da mesma, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que levan causa."

Substituír a Disposición final actual:

"Disposición final.
A modificación da presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa"

Pola seguinte:

"Disposición final.
A presente Ordenanza fiscal, unha vez aprobada, entrará en vigor ao día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña e rexerá ata a súa modificación ou derrogación expresa".

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista de Galicia. Por favor, faga unha explicación."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A ordenanza fiscal*

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

reguladora da taxa pola prestación dos servicios de recollida de lixo, data do ano 2025. No ano 2012, publicouse a aprobación definitiva da modificación primeira que foi..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"2005."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"O primeiro 2005, pero ahora no 2012, a modificación primeira, foi polo Partido Popular, gobernando aquí. O Partido Popular, os dous. No Boletín Oficial da Provincia do 2014, publicouse a aprobación definitiva dunha segunda modificación. A Lei 7 de 2022 reguladora dos residuos e chans contaminados por unha economía circular, recolle co seu artículo 11, apartado 3, o seguinte: No caso dos costes de xestión dos residuos de competencia local, de acordo co disposto no texto refundido na Lei reguladora das Facendas Locais, as Entidades Locais establecerán unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria. Hai que recalcar o "non deficitaria" que permite implantar sistemas de pago por xeración que reflexe o custo real.*

Deste xeito, a lei obliga a establecer unha taxa ou unha prestación patrimonial, diferenciada e non deficitaria, volvo repetilo que permita implantar sistemas de pago por xeración ou que reflicta o custe real. Pretendese entón, modificar a citada ordenanza para que a configuración da taxa, se adapte ás exixencias da lei.

Logo de emitir o informe técnico-económico, así como o informe de secretaría-intervención, propoñemos aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal e dar ao expediente a tramitación da publicidade preceptiva.

Cabe indicar, cabe indicar que no informe técnico-económico e máis no de informe de intervención, nos di claramente que a proposta, a proposta pasa a ser... hai un informe desfavorable, porque non se acada o 100% da cobertura dos custos dos servizos e o déficit ascende a 17.928.

Entonces, as novas as tarifas propostas, as tarifas propostas, son as seguintes. Vamos a ver. Teño aquí dous. Mira, tíñamos uns costes, primeiro uns custes que estaban actuales do 2025, temos uns custos de 143.503 euros. Moito ven dado, polo costo do tratamento da fracción en Sogama que ascende a 104,5 toneladas, reducido. Cas tarifas en vigor, prevense recadar 80.717,10. A previsión de ingresos. A taxa, altamente deficitaria, posto que, unicamente acada o 56,25% dos custos de xestión de residuos.

Entón, o que se pretende con este esta subida, é un total de 125.575 euros que pasaría da seguinte forma que sería da siguiente forma: as vivendas pasarían a pagar 90 euros. Os bares, despachos profesionais, 195. Os mesóns, restaurantes, café especial, oficinas bancarias, carpintería en madeira e metal e casas de turismo rural, 360. Tendas, ultramarinos, comercios en xeral e talleres sen exposición, 230. Talleres con exposición, hostais, farmacias, 280. Hosteis ata 10 habitacións, 570. Hoteis de máis de 10 habitacións, 695. Industrias, naves comerciais, fábricas e empresas de transporte e gasolineiras, 700. Locais non expresamente tarifados, e aquí hai unha nova que se pon, vivendas turísticas, 110 euros. Eso é a proposta nova. Como decía antes, xa que a lei nos di, di que ten esto, que o servicio, non ten que ser deficitario é polo que propoñemos, esta suba das taxas.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno. O que propoñen vostedes é, pasar de recaudar 80.000 euros a recaudar 125.000. É decir, a suba que propoñen vostedes é superior o 50%. E vostedes eso veno normal, normal. Unha subida dos impostos do máis, de máis do 50%. Eso veno vostedes normal.*

Mire, a causa de todo esto... hai dúas causas. As dúas promovidas por vostedes. Unha delas, é a RPT que aprobaron e que supuxo e que vai supoñer, un aumento de 168.000 euros de aumento, en salarios. Vostedes están aquí, subindo 45.000 ca taxa do lixo. Para cubrir parte desde 168.000 euros de aumento. E a cuestión está, como repercute ese aumento nos veciños? Porque os servizos non son mellores. O malestar entre o persoal, é manifesto e claro, é evidente, non teñen máis que falar vostedes con eles.

Despois esta o tema do SAF. Tuveron 6 anos cunha capacidade de xestión que acabou por incrementar o SAF, en cerca de 25.000 euros.

Entonces, estamos falando de 300.000 do SAF e 168 dunha RPT que aos veciños, non lle beneficia en absoluto. Pero eso non é, non é soamente eso, porque vostedes, fai unhas semanas, veñen de aprobar, veñen de dicir que, aumentando así o gasto, no ano 2026, van a reducir o gasto e van a reducir os ingresos. Eso é o que poñían na previsión.

Estas son as matemáticas deste goberno, é decir, aumentan o gasto, tratan de aumentar os ingresos, pero a cifra final, vai a ser inferior. De aquí o que nos espera, pois é unha situación que vai a ser cada vez peor e vai a ser insostible. Vai a ser insostible porque cada vez, somos menos veciños en Dodro, cada vez hai menos xente que pague.

Todos os veciños da contorna, todos os concellos da contorna, teñen unha zona industrial. Vostedes levan cunha zona industrial parada durante 6 anos. Non lle están permitindo medrar á empresa máis grande que temos en Dodro. Levan 6 anos con ese, co tema de Salvanxe totalmente parado. Todos os concellos da comarca, teñen zona industrial. Nós que temos? Nos temos 8.000 metros cúbicos de entullos, de residuos no monte de Bexo. Eso é o que temos"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recórdolle que estamos..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Esos 8.000 metros cúbicos que todos vostedes, se poñen a mirar para outro lado, cada vez que se menciona."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sobre todo..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Prégolle..."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"O señores de Unidade Veciñal, aqueles que lle cheiraba..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Prégolle, señor Alfonsín, prégolle."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"A depuradora. Pero ahora, non lle cheira..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Prégolle que se centre, por favor que xa ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E aquel que defendía o Medio Ambiente, pero o que 8.000 metros cúbicos de residuos, a vostede eso non lle importa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias Señor Alfonsín. Portavoz do Partido Popular de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. O señor teniente de alcalde, empeza a súa intervención mencionando que aquí, no ano 2012, o Partido Popular aprobou, home o Partido Popular gobernou en Dodro moitísimos anos, algunhas cousas tería que que aprobar. Pero mire, o máis importante, non o dixo. E dixo que esta subida era despois das medidas da Lei 7/2022 do 8 de Abril, pero non dixo que esa... que esas medidas habían sido, viñan de nivel nacional do señor Presidente do Goberno e do partido político do PSOE. Vamos a mencionar todo, non? Porque mencionar solo unha parte que nos interesa... eu creo que tampouco é de recibo.*

A decisión de trasladar o coste íntegro aos ciudadanos, da recollida do lixo, é unha decisión política nacional. E despois de vela... e despois de vela..."

Interrompe o voceiro do PSOE.

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero como lle estaba falando, era para que se enterara. E despois de vela, fai xa ahora 1 ano, concretamente o 6 de Novembro do ano 2024, este grupo municipal, presentou aquí unha moción para que solicitarmos, entre outras cousas, dar marcha atrás, esta subida do recibo da recollida de residuos e solicitar ao Goberno Central, suprimir todos os impostos que gravaban a actividade de tratamento de residuos. E curiosamente, o PSOE, o BNG aquí sentado e Unidade Veciñal aquí sentado, sorprendentemente, votaron en contra desa moción, deixando ver claramente que estaban a favor desta nova taxa que afectaba directamente ao bolsillo dos nosos veciños e veciñas. Que todos sabiamos que iba a haber que traer e aprobar.*

Pero bueno, tamén o anunciara na prensa o señor alcalde, xa fai un ano, alá polo mes de decembro do ano pasado, xa dixo que iba a haber que facer unha subida de impuestos. E ahora, efectivamente, traen o pleno, a subida da auga, do saneamento, das actividades deportivas e do ximnasio e do lixo.

Non é populismo, é que vimos a un pleno con 5 subidas de tasas. Non é moi normal, non é que suban unha, é que suben todo.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Na difícil situación económica que se encontran moitas familias, debido entre outras, a xestión económica do Goberno Central, a vostedes solo se lles ocurre subir os impostos e vir correndo e adiantar o pleno de hoxe que correspondería ser o xoves, adiantalo hoxe para que entre en vigor, xa o primeiro día de xaneiro.

A vostedes solo se lle ocurren eso, afogar máis as economías dos nosos veciños. Porque ademais, todos sabemos que a maioría dos veciños de Dodro, non teñen unha economía como pa decir... bueno é que solo lles subimos 8 euros. Bueno señor, pero é que ao mellor, a un veciño subirlle 8 euros de aquí, 10 de aquí e 20 de aquí, porque bueno, no lixo concretamente, cada casa pasa de 59 euros a 90 euros. Pero bueno, vámonos a poñer que, por ejemplo pois, un mesón ou un café-bar, pasa de pagar 119 euros a pagar 195, pero un mesón ou un bar que dea comidas, pasa de 238 a 360, porque claro, é moi fácil decir a quen menos sube. Bueno, váiallo preguntar aos veciños, a ver que lle parecen estas subidas.

As silvas cómennos, ou ao menos, eso é o que nos trasladan moitos veciños. Os nosos maiores tardan meses, meses, en ser atendidos, meses. Os permisos de urbanismo, en algúns, casos tardan ata un ano, en ser respostados, xa non darlle o permiso, ou darlle a licencia. En respostarlle, se teñen dereito ou non teñen dereito. No concello non hai quen atenda de forma presencial porque casi nunca están. O lixo, recóllese menos días, porque vamos a recordar que o lixo recollíase 3 días á semana e ahora recóllese 2 días e tarde, mal e arrastro. Pero iso si, imos a subir os impostos, eso é o primeiro.

Imos a ver hoxe, quenes alzan a voz, sempre a favor da veciñanza e que están en prol dos veciños, a ver si realmente lles importa, os veciños e as veciñas e a súa economía.

O Partido Popular, non vai a participar nesta sangría que pretende facer que os bolsillos dos veciños e veciñas de Dodro, se resintan con estas subidas. Nada máis que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, vale. Bueno eu, vou empezar a ler a miña resposta. Lembrarlle, aquí ao goberno que teñen poucos sitio de oportunidade, porque bueno, traer ao pleno todas estas subidas nun mismo pleno... en fin. Tuvemos un pleno extraordinario, fai menos dun mes e ben se podía, e non andábamos neste apuros, en fin. Bueno, esto como dixeron aquí antes, esta suba da taxa, corresponde ao incremento do canón de Sogama que cobra aos concellos por a tonelada de lixos xestionada, debido aos novos impostos, do goberno central, sobre vertedoiros e incineración que penalizan directamente aos municipios, debido a que Sogama, incumple as directrices europeas do reciclaxe. A maior parte do canón, repercútese directamente nos Concellos como Dodro, obrigando a estas administracións a trasladar ese custo ao recibo da veciñanza.*

Non existe un estudio previo, transparente e detallado, das cantidades reais de lixo que se recollen no municipio, nin de como varían ao longo do ano, entre sectores residencial, comercial, hostelería e industria. A este grupo, non se nos foi, non se nos entregou esa documentación, non sabemos se aumentou ou se baixou. Si baixa, si baixa a... poboación e aumentou a o residuo, eso non o sabemos. A proposta é radical, sin ser gradual. No canto

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de apostar por unha actualización progresiva das taxas, ao longo de 2 ou 3 anos, desde que están gobernando, aprobase unha suba directa do 50%, nun só exercicio. Dende a Unidade Veciñal de Dodro, veríamos moito máis axeitado, unha suba gradual, como dixemos antes que se fixera desde fai 2 anos, cando entraron no goberno, xa que, xa se sabía que se iba incrementar o canón de Sogama e non esperar ao último momento, como sempre fan neste goberno.

Nestes 2 anos e medio de mandato, non se puxeron en marcha campañas serias e continuadas de sensibilización nin medidas prácticas, para mellorar a selección de residuos e fomentar o uso correcto dos contenedores nin por parte do Concello nin de Sogama, como se fixo no anterior mandato, no que a Unidade Veciñal de Dodro, formaba parte no deste goberno.

Sen estas accións previas, é imposible avanzar cara unha xestión máis eficiente e económica dos residuos.

Os contenedores de lixo existentes, están moi deteriorados e non se lavan regularmente e algún nunca se lavou, polo que antes de incrementar o custo á veciñanza, sería xusto renovar e manter adecuadamente as infraestruturas básicas, do servizo de recollida.

A veciñanza, asumirá unha subida do 50% sobre o recibo, mentras que hai empresas que fan públicas obras de 3 millóns 700 mil euros, para melloras tecnolóxicas e con axudas públicas de un 1 millón 100 mil e ao mesmo tempo, non se lle exixe o pago dos debidos impostos. Isto xa era unha sensación clara de inxustiza fiscal, onde só a veciñanza paga, mentres que algunhas empresas eluden o seu deber fiscal, sin que o concello faga nada. Lembrar que si se cobrara o debido imposto a estas empresas, daría para cubrir o déficit de custo de servizo durante varios anos que podrían aproveitarse para unha suba gradual como dixemos antes.

O goberno de Dodro está en minoría, polo que consideramos que calquera modificación que afecta a totalidade da veciñanza, debe ser consensuada e negociada co resto das forzas do pleno, especialmente, cando supón unha subida tan brusca das taxas. Mentras que para algunhas inicativas propostas por Unidade Veciñal de Dodro, este goberno non quere ser pioneiro e adude a que non se fixeron, en ningún concello da contorna. Agora mesmo, sería o primeiro en subir, sería o primeiro en subir o canón do lixo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta vostede..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En algúns concellos... acabo, acabo..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está vostede... por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En algúns concellos, aínda estas en pesetas, as taxas de recollidas do lixo. E non teñen previsto a suba e noutros xa directamente, se negaron a repercutir nos veciños, o custe da subida de Sogama. Con todo esto, imos a votar en contra."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Imos ver. Estamos falando outra vez, dunha suba de impostos, como diciamos ao principio. A ninguén lles gusta que lle suban os impostos, pero si queremos o servizo. Eu creo que eso, ten que quedar aí.*

Estamos falando, de que aquí o lixo non desaparece. os veciños depositan o lixo e non desaparece por obra e gracia de maxia, si non que hai un tratamento dos residuos. Ese tratamento de residuos, resulta que os fai Sogama que curiosamente, chámase Sociedade Galega do Medio ambiente. Vou ler rapidamente un decálogo do que é Sogama. Incumpre a lei, ao non incluír a compostaxe dentro da reciclaxe, considerando a incineración como único sistema de valorización, segundo o Consello de Contas. Non cumpre co obxectivo da xestión integral, xa que non recicla. Sogama, non respecta o principio de proximidade, sometendoa os residuos a longos traslados que aumentan os custos e o risco ambiental. Sogama incumpre a normativa estatal e autonómica, sobre a xerarquización dos tipos de tratamento, estando todo el orientado a incineración. Sogama non repercute na baixada de prezos, fixo unhas previsión de tarifas falsas que mantivo artificialmente sen base algunha. Sogama supón unha hipoteca para a economía de moitos concellos, enténdase Dodro. Que teñen que asumir, ademais dos custos de tratamentos de recollida e transporte, moi importantes en poboamentos dispersos e que, en último termo, repercuten como dicíamos, na cidadanía.

Sogama, oculta sistematicamente, datos sobre as emisións de gases á opinión pública, incumprindo as condicións impostas pola Comisión Europea para recibir subvencións da UE. E para acabar, xa sin entrar en máis detalles do que é Sogama, mencionar as eivas do cadro da área de persoal de contratación, da propia área económica.

Señoras e señores, esto é do ano 1999. Ahora, si alguén estivo atento ao que acabo ler, podemos pensar canto do que acabo de ler, se esta incumprindo agora mesmo. E agora mesmo, temos que o Concello de Dodro e o contrato que ten con Sogama. Polo tanto, nós o que estamos vendo, é que claro que hai que cumplir as directrices que marcan desde Madrid. E desde Madrid, din que hai que apostar pola reciclaxe, pola reutilización... cousa que nin no ano 99, polo Consello de Contas, nin agora, estamos en ese nivel. E o que están é, entendo que agora o goberno de Dodro que o que intenta en minoría, e apurando o último momento, xusto nin máis nin menos que a veciñanza que teña que pagar por un servizo que desde logo non é nada acaído para a veciñanza.

Non nos parece que sexa unha unha suba estratosférica e non nos parece tampouco que sexa o único concello da comarca que vai a ter que lidiar con estar taxas, porque a situación que estamos vendo en no global non está apostando como debería pola... comoera Sogama? Sociedade Galega do Medio ambiente."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un último turno o portavoz do Partido Socialista."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, vou a ser breve. O voceiro do de XD, graduado ou licenciado en Económicas e Empresariais, non sei ben, pero bueno, 125.575, non é o dobre de 80.717 en economía vai ben.*

En historia, tamén llo digo á de a voceira do Partido Popular, en España no 2012, como dixen, gobernaba o Partido Popular, con Rajoy á cabeza e falando tamén do recollido da... da recollida do lixo, hai cousas que non se poden verter nos contedores, como son as ramas dos restos de poda... tal como aparecen certas veces en ese centro de eso... E bueno, está moi equivocado usted, o que pasa é que lle din que iban 2 días á semana, non sei os días que pa usted vexa... Aquí, aquí está, van o luns, o mércores e o venres. Luns, mércores e venres, son 3 días, así que, de matemáticas tamén sabe pouco.

E bueno, e da UVD, da UVD, estou de acuerdo que todo é por Sogama que eso inflúe moitísimo, non? Estamos falando dun servizo deficitario e renovar, renovar os contenedores, ten un custo. E bueno, queremos servicios, pero non pagalos. Bueno, decirlle que bueno que se aquí, o Concello de Dodro sería o único... Mira, aquí na comarca está Brion, Lousame, Noia, Porto do Son, Boiro e etcétera... que adaptaron as novas as novas taxas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, moitas gracias a todos. Vamos a... vou decir unhas unhas pequenas palabras para rematar este asunto.*

Simplemente que, no ano 2004, a taxa era de 48, ano 2004, vai facer 22 anos, era de 48 euros anual e agora... Ah! Curioso, perdón. No ano 2011, 2012, o goberno famoso, subiuse, practicamente ao ano de chegar aquí, ao Concello, efectivamente. Tomaron posesión no 2011, no 2012 tuveron unha subida de máis do 20%. Unha subida para empresas, para bares, para despachos... que tanto lle preocupan a vostede e realmente foi curioso, os hoteles de máis de 10 habitacións que estaban na taxa inicial en 600 euros, baixáronnos a 414... A xestión da taxa de basura, foi increible. Sabe cantos hoteles, de máis de 10 habitacións hai no concello? Un solo. E vostede, pensa que un hotel demais de 10 habitacións, ten algún problema en asumir esta taxa? Esta taxa que... esta taxa que ahora pretendemos actualizar?

Habría que ter algo de memoria e algo de sentido común, para que unhas taxas que levan, taxas non impostos, aquí énchesenos a boca, de chamarlle impostos ao que é unha taxa por un servicio. Impostos é outra cousa, estos son taxas por un servicio, con estas taxas, preténdese que se manteña o servicio.

Eu simplemente, visto o resultado da votación que se prevé, recordarlle ao portavoz de Xente de Dodro máis ao do Partido Popular que vostedes falan moi ben, de que este modelo de xestión, de que as silvas nos comen, de que urbanismo, vai todo moi mal... Este goberno, trouxo unha RPT cun arquitecto, á que vostedes, ámbolos dous, votaron en contra.... Queren vostedes que mellore o urbanismo, pero sin un arquitecto? Xa Me explicaran como, xa me explicaran... Si, porque votaron en contra.

Queren vostedes mellores servizos para a veciñanza cunha RPT que foi a que vostedes trouxeron e que votaron en contra, da que presentou este alcalde que melloraba a remuneracións dos traballadores do concello? Parece que si.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Como vostede quere que estén contentos os traballadores, si a sua RPT, do ano 2019, incluía baixada de salarios? Realmente é incrible que veñan a min... que eu levo en política aquí moitos anos, eu acórdome de todo. Eu lamentablemente, son un político que teño memoria, cousa que a vostedes lles falta, a vostedes pluralizo, vale?

Entonces, ao final paréceme, moléstame que veñan aquí, a facerme tonto a min. Que pretendan enganar a toda a veciñanza? Bueno, alá vostedes. Pero que pretendan enganarme a min... Non, por favor, porque teño memoria e veñen aquí, votar en contra da contratación dun arquitecto e ahora din que o funciona mal. Veñen aquí, din que as silvas nos comen e votan en contra dunha petición dunha subvención sobre o tema... Realmente, o seu modelo de política, é absolutamente nefasto e así, os veciños espero que os teñan en conta.

Segundo, Moncho moi ben dixo xa que Brion, Brion por unanimidade, incluído BNG, A Marea e o Partido Popular, votou unha suba da taxa, igual que a que estamos traendo nós, establece que as vivendas así, tipo tipo as nosas, aisladas, van estar entre 130 euros, creo recordar. Ames, ca abstención do Partido Popular,o cual demostra certo... certa sensatez. Lousame, goberno do Partido Popular, vai e aproba unha subida de taxas que pon as taxas en cada vivenda, en Lousame que máis ou menos, coma Dodro, en 125 euros. Noia, Muros, Boiro fai pouco, é decir, todos. E nós, traemos aquí unha taxa sensata, taxa razoable que leva sin actualizarse do ano 2012, 2012 que teñen vostedes aquí os números, da xente, das familias que pagan, do número de contribuíntes ... que resulta é, sería deficitario, como moi ben informou contrariamente a secretaria-interventora, aquí o meu lado sentada que sigue sin chegar, sigue sin chegar para manter o servicio. Bueno pois eu, simplemente xa o expliquei moitas veces, Os cartos son os que son e este goberno, vai xestionar os cartos que ten á súa disposición. Intentaremos facer o mellor posible, intentaremos, se esto non sale, pois intentaremos facer o que poidamos y nada máis. Por certo, a basura recóllese 3 días a semana recórdollo, 3 días a semana, seguimos mantendo 3 días a semana. A subida, lonxe de ser gradual, como moi ben din os liberales, o que facemos é, o que fixemos foi, nestes 6 anos, deixar os cartos nos bolsillo de..."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Liberales non son."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Pero xa digo, os lliberales din, os liberales din, perdón os liberales din que é mellor deixar os cartos nos bolsillos dos..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Engañando."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dos contribuíntes para... mentras que os teñen os administren e despois... Ven sendo o mismo, que vostede... que nós, subiramos esto hai 3 anos ou 4 anos, un 10% que agora que nos vexamos obligados a esto, pola presión de Sogama que fai insostible este servicio. O Concello de Dodro, xa digo seguira, recollendo, me deixa..."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede parecéulle mal que o meu compañeiro, non a mirase cando vostede estaba no uso da palabra."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eso non é certo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" E vostede, si..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non pode decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, por favor, me deixa, me deixa..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E que non lle vou a permitir que minta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Me deixa, me deixa falar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E logo acuse aos demais..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, pideu a atención, pideu a atención do meu compañeiro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Yo no pedí nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si si, bueno"*

Interrompe a voceira do Partido popular

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E sin embargo, estame, estame interrumpindo a min."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E teno gravado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estame interrumpindo a min no uso da palabra. Bueno, agradézolle que por favor, me deixe acabar de falar.*

Esto é un pouco, a situación y por eso eu a verdad, hoxe estou un pouco máis vehemente que o normal en min que me parece que esto non é cousa miña, nin é cousa deste goberno, nin cousa deste partido político que está gobernando, en minoría claramente eh!, É cuestión do resto dos veciños, de todos os veciños do Concello de Dodro que van a ver, como as arcas municipais, se van a resentir. A partir de ahi, nós faremos todo o que podamos, por xestionar esto o mellor que podamos. Pasamos a votación se vos parece."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: No aprobada

9. OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A TÍTULO PÓSTUMO A DON XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

***"EXPEDIENTE**: 2025/X999/000058*
***ASUNTO**: OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A TÍTULO PÓSTUMO A DON XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA*
***TRÁMITE**: PROPOSTA AO PLENO*

O Regulamento especial para a concesión de honras e distincións do Concello de Dodro publicado no BOP núm. 120 do 29/06/2021 recolle a posibilidade da concesión de honras e distincións a quen teña contribuído ao coñecemento e bo nome do Concello de Dodro ou a quen teñan prestado servizos destacados, desenvolvido unha importante carreira ou acadado logros merecedores de ser recordados, que repercutan en beneficio da comunidade veciñal ou da sociedade en xeral, en calquera eido, social, político, cultural, científico, artístico, deportivo, etc, sendo esa unha maneira de saldar a débeda que ten o Concello, e a propia sociedade, con esas persoas e institucións, agradecendo publicamente, e para a posteridade, os méritos que os fixeron acredores de tal recoñecemento.

Considerando que concorrían as anteriores cualidades en don Xosé Ramón Reboiras Noia, por Resolución da Alcaldía núm. 337 de 29/07/2025 corrixida por Resolución da Alcaldía núm. 342 de 30/07/2025 resolveuse:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"PRIMEIRO. Propor o nomeamento Fillo Predilecto a título póstumo do Concello de Dodro a don Xosé Ramón Reboiras Noia, nacido neste municipio.

SEGUNDO. Nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos cualidades e circunstancias concorrentes na persoa proposta para a concesión desta honra e distinción, a don Xoan Bautista Mariño Abuín, concelleiro do grupo municipal do BNG, e tendo en conta o establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O instrutor do expediente practicará cantas dilixencias estime necesarias e rematada a función informativa, formulará a súa proposta que será dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remita, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente.

TERCEIRO. Comunicar ao Instrutor o nomeamento habilitándoo para que realice todas as actuacións necesarias previstas no Regulamento.

CUARTO. Notificar a presente resolución aos familiares da persoa proposta."

O instrutor do expediente emite informe proposta en data 28/09/2025 que literalmente indica:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xustificación como instrutor seguindo a Resolución da alcaldía 342/2025 para o OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A TÍTULO PÓSTUMO A DON XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA

Cando se cumpren 50 anos do asasinato do noso veciño de Imo máis coñecido dentro e fóra de Galiza como vítima do franquismo é bo recordar e sinalar os feitos máis relevantes para desenvolver a proposta.

Xosé Ramón Reboiras Noia naceu o 26 de xaneiro de 1950 na aldea de Imo, parroquia de san Xoán Bautista de Laíño, concello de Dodro. A familia do rural, labrega, como tantas da na nosa patria, tivo que trasladarse á cidade de Vigo buscando mellores condicións de vida.
Afincado no barrio obreiro de Teis e desde o Bar Noia colaboraba tamén con súa nai Generosa mentres José, o pai, traballaba embarcado. Así, Pepe, como era coñecido en Imo e pola súa familia, despois da escola básica na súa aldea natal, estudou bacharelato e cursou estudos universitarios de enxeñería técnica industrial na gran cidade industrial de Vigo.

Alí toma conciencia do momento político que lle toca vivir baixo a ditadura de Franco coa opresión nacional de Galiza co asoballamento do seu pobo, co baixo nivel de vida do agro, coa super explotación, co conflito lingüístico,...

Titúlase na Escola de Enxeñería Industrial de Vigo con boas notas. Xosé Ramón destaca no ambiente estudantil pola súa seriedade profesional, compañeirismo e simpatía desenvolvendo un papel moi activo nas reivindicacións do estudantado naqueles anos e na defensa da cultura e dos intereses do pobo galego. Na revista *Des...tornillo* da escola de enxeñería publicou co seudónimo "quen sabe" o poema BERRA NON. Forma parte da Asociación Cultural o Castro que aborda, dentro das dificultades daquel tempo, o problema lingüístico e nacional de Galiza. E no ano 1969 ingresa como militante na Unión do Pobo Galego, a UPG.

Rematada a carreira, é bolseiro pola Escola de Enxeñería Industrial de Vigo para facer un traballo de especialización en Estaleiros Barreras. Conecta co mundo obreiro baixo a explotación capitalista na época franquista consciente das potencialidades da Galiza asoballada polo fascismo e un endémico centralismo. Xosé Ramón estuda a fondo os mecanismos utilizados pola patronal, así como o xeito de combatelos. Neste tempo, 1972, ten lugar a folga de setembro en Vigo e Moncho participa e contacta cos líderes obreiros con protagonismo na organización

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

da folga. Por isto perde a bolsa pero entrégase de cheo á loita pola liberación de Galiza, traballando en Álvarez de Vigo, tendo que deixalo por razóns de saúde.
Trasládase a Coruña entrando como obreiro no cadro de persoal de Intelsa e máis tarde a Ferrol onde traballa nunha empresa auxiliar de Astano.

Moncho procede por este tempo, por encargo da UPG, a organizar o importante e revulsivo Frente Cultural Galego. Por primeira vez existiu unha Coordenadora efectiva entre a maioría das Asociacións Culturais de Galiza que edita *O Irmandiño,* voceiro do Frente Cultural.
Da man de Reboiras nacen as primeiras células da Fronte Obreira (FO) da UPG coa incorporación de sindicalistas procedentes de Organización Obreira e de Galicia Socialista.
Esa Fronte Obreira, Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA) ou a Fronte Cultural eran exemplos de organizacións clandestinas (debido á ditadura) a seren o núcleo central das futuras organizacións de masas para poñer en valor o laboral, o social, a lingua galega, a cultura, o medio ambiente, ...

A dinámica da FO da UPG alenta a formación dos primeiros xermolos sindicais nacionalistas que nacen nas zonas máis industrializadas e que editan diferentes voceiros como é o caso de *Adiante* en Vigo, *Galego* en Compostela, *Ferramenta* en Ferrol ou *Obradoiro* en Ourense. Moncho é a alma do grupo da Coruña. Moncho organiza, fala, arenga, di como se manexa unha vietnamita, como se reparten follas voantes e redacta aquel voceiro *Xerme* abrindo o camiño cara un sindicalismo xenuinamente galego.
Os anos 1973, 1974 e 1975 eran pois os inicios do sindicalismo galego. Moncho participa no chamamento ao boicot ás eleccións do Sindicato Vertical en 1974, a través do Sindicato Obreiro Galego(SOG). Ese ano nace tamén a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) promovida por Francisco Rodríguez e editan o seu primeiro boletín *Alento*. Logo xorden outros sindicatos sectoriais galegos como o Sindicato Galego de Traballadores do Mar (SGTM) co voceiro *Norde*, a Unión de Traballadores da Banca en Galicia (UTBG) co boletín *Peto*, a Unión de Traballadores da Sanidade Galega (UTSG) co voceiro *Bilintroque*. Aquelas loitas obreiras dos anos setenta dan lugar a ING en 1977 sentando as bases da actual Confederación Intersindical Galega, a CIG, central sindical de clase maioritaria hoxe en Galiza con máis de cinco mil cen delegadas e oitenta e seis mil persoas afiliadas algunhas delas de Dodro.

Moncho, membro do Comité Central e do Comité Executivo da UPG, convértese nun dos artífices do que a UPG comenza a ser desde o 1972: unha organización proletaria que tendo como guía da sua acción o marxismo -leninismo, é o motor do movemento nacionalista galego. A realidade actual do nacionalismo que loita contra un voraz capitalismo xerador de grandes desigualdades sociais é froito do traballo heroico

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

destes anos de ducias de persoas, camaradas do de Imo aos que lles ensinou ou cos que el mantivo relación, camaradas ou non como é o caso de Bautista Álvarez, Méndez Ferrín, Ramón Otero Pedrayo, Moncho Valcarce o cura das Encrobas, Saleta Goi ou o seu home o poeta da terra Manuel María.

As persoas que trataron a Pepe entre outras moitas -a parte da familia- Elvira Souto, Lois Ríos ou Marisa Vázquez coinciden todas nas súas cualidades de liderado organizativo e humanas de bo e xeneroso compañeiro. Moncho participa dentro da liña política acordada pola UPG, nun grupo dedicado a dotar de infraestrutura loxística ao partido, con accións propias desde a clandestinidade fronte á represión do estado fascista. Coñecido cos alcumes de Padrón ou Rianxo o super militante -así o teñen definido- amosaba unha estética pública distinta con perruca e bigote para non ser recoñecido, anque non sempre conseguía pasar desapercibido na súa comarca.

A xa icónica foto de Pepe -feita por seu irmán Manolo- en Fufelo, Buxán (concello de Rois) de camiño a unha festa foi posta en valor polo sindicalista da CIG Nacho Pavón desde 2014 quen a deu a coñecer plasmándoa nun mural de gran tamaño nas inmediacións do cemiterio parroquial de san Xoán de Laíño. Esa imaxe canda outras familiares son a cara que a xente de aquí recorda contrastando loxicamente coa imaxe da clandestinidade. O réxime franquista coñecía o papel destacado de Moncho Reboiras na organización do movemento nacionalista galego e optou por eliminalo fisicamente, pensando que con esa medida evitaba a auto organización do Pobo Galego.

Atopándose en Ferrol, onde se estaba organizando a UPG, a Brigada Político Social establece na noite do 11 de agosto do 1975 un control na zona de Canido. Ás 2 da mañá numerosos efectivos da BPS, acompañados de máis de 300 axentes da Policía Armada acordoaron o edificio onde se atopaba con dous militantes máis, Elvira Souto e Lois Ríos, que grazas á intervención de Moncho Reboiras lograron fuxir.
Reboiras sae á rúa e o operativo despregado disque lle dan o alto e "fan tres disparos ao aire" que lle dan nas costas e un perfóralle unha arteria, provocándolle -segundo a autopsia- unha anemia aguda e fulminante que foi a causa da morte. Aínda lle deu tempo para chegar ao portal número 27 da rúa da Terra onde se agochou e finou. A partir dese momento desátase un amplo operativo en toda Galiza coa detención e tortura de varios militantes nacionalistas da UPG entre eles seu irmán e o exilio doutra xente ao Portugal onde xa trunfara a Revolución dos Cravos en Abril do 1974.

O seu asasinato tronza moi cedo a traxectoria vital por ser un dirixente e militante nacionalista galego da UPG, hoxe integrada no Bloque Nacionalista Galego, o BNG.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O avogado Nemesio Barxa puido demostrar anos máis tarde a manipulación dos feitos e do atestado posterior onde se daba a entender que Moncho se suicidara; feitos que xa adiantara o historiador e sacerdote nacionalista Francisco Carballo asegurando que Moncho fora tiroteado polas costas con tres balazos como se ve na propia camisa que conserva o seu irmán. Logo a familia acode a Ferrol e trasládano ata a casa de Lola de Loureiro na súa aldea natal de Imo. Unha aldea intimidada pola policía franquista que pese a iso no velorio e na condución do corpo de Xosé Ramón Reboiras Noia a familia estivo acompañada por veciños e camaradas ata o seu enterro no cemiterio parroquial de san Xoán de Laíño. Aínda non morrera o ditador.

Resumo de homenaxes
Desde aquela recibe todos os anos distintas homenaxes e actos políticos por parte de organizacións políticas e sindicais do ámbito do nacionalismo galego no camposanto, na aldea e no número 27 da rúa da Terra (Ferrol) onde o asasinaron.

En agosto de 1982 inaugúrase a primeira Rúa Moncho Reboiras en Corcubión polo alcalde nacionalista Rafael Mouzo.

En maio de 2004 a CIG constitúe a fundación de interese galego FESGA que pasa a denominarse Fundación Moncho Reboiras o 9 de novembro de 2012.

No 2012 o concello de Culleredo dedícalle unha rúa.

A aldea de Imo foi o lugar escollido para a pre estrea do 1º documental *Moncho Reboiras. Acción e Corazón* de Alberte Mera, sobre a súa figura no verán de 2020, desbordando todas as previsións do Concello de Dodro organizador da proxección pese á pandemia do COVI-19.

O concello de Dodro denomina a estrada que atravesa Imo AC-305 co nome de Rúa Moncho Reboiras inaugurada o 12 de agosto de 2022.

Reparación histórica
Seu irmán e súa nai inician os trámites e petición de recoñecemento de vítima do franquismo. O deputado nacionalista no Congreso dos Deputados, Francisco Rodriguez do BNG, participa na elaboración no 2009 nese recoñecemento de vítima do franquismo Lei 52/2007 do 26 de decembro, mediante a cal a democracia española honra aos que padeceron inxustamente persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. O daquela Ministro do Interior Francisco Caamaño entrégalle á familia de Xosé Ramón Reboiras Noia, por ser defensor do movemento sindical, militante nacionalista galego, perseguido e asasinado ilexitimamente a DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECEMENTO PERSOAL.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Así pois logo das indagacións entre a familia, veciñanza, no Concello de Dodro, Xulgado de Paz de Dodro, CIG, UPG, BNG, Fundación Terra e Tempo, Fundación Galiza Sempre e diversas publicacións como O nacionalismo galego na década dos 70 de Suso Seixo e Uxío Breogán Diéguez editado pola Fundación Moncho Reboiras.

Tendo en conta que o Xulgado de Paz de Dodro testemuña que Xosé Ramón Reboiras Noia nace en Imo o 26 de xaneiro de 1950 segundo a súa partida de nacemento.

Tendo en conta que polo arriba exposto Xosé Ramón Reboiras Noia destacou singularmente pola súa calidade persoal, polos seus méritos en beneficio e servizo do municipio e do interese xeral .

Polo que considerando que se seguiron os trámites para acreditar os méritos cualidades e circunstancias concorrentes na persoa proposta previstos no capítulo II, Artigos 5 e 6 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021) e en exercicio das facultades outorgadas polo Capítulo V, Artigo 20 do citado regulamento compre, segundo esta xustificación pola que fun nomeado instrutor para os efectos concederlle a máxima distinción do Concello de Dodro e así elevo esta xustificación para completar a proposta diante do Pleno Municipal de nomeamento de FILLO PREDILECTO do Concello de Dodro, a título póstumo, a Xosé Ramón Reboiras Noia.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021), e oídos os voceiros dos grupos municipais, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte ACORDO por unanimidade ou maioría absoluta:

***PRIMEIRO.**- Conceder a don XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA o título de Fillo Predilecto do Concello de Dodro, a título póstumo, á vista do informeproposta do instrutor do expediente.*

***SEGUNDO.**- Notificar á familia de don XOSÉ RAMÓN REBOIRAS NOIA o presente acordo, indicando que se celebrará, no caso de aceptación do título, acto de entrega do documento oficial en forma de diploma artístico así como da insignia de acordo co artigo 5.2 do Regulamento municipal.*

***TERCEIRO.** Inscribir no Libro Rexistro de Distincións Honoríficas do Concello de Dodro o título concedido ao abeiro do artigo 27 do Regulamento citado.*

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno ahora, falando un pouco, como voceiro do BNG, vouno..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Do BNG, non."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Do BNG...Perdón, retiro..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non pasa nada, non pasa nada."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Non me pasa nada co BNG, pero bueno.., non... do Partido Socialista PSOE, decir que considera esto, porque loitou pola libertade, a xusticia, contra e contra o fascismo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias Vamos dar unha ronda ao resto dos portavoces para explicar a súa, o seu voto, neste punto. Pero, como moi ben dixemos, nos gustaría que fose por unanimidade. Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Decía Aleksandr Solzhenitsyn, autor de Archipiélago Gulag, vítima do marxismo leninista que un comunista intelixente nunca pode ser bo.*

Señor Mariño, na nosa opinión, non fai vostede ningún ben, coa sua proposta de fillo predilecto, non ten o apoio da maioría da veciñanza e sin ese apoio maioritario, non se pode presentar un candidato a dillo predilecto.

Hai moitos veciños que recordan os feitos que rodearon a vida e a morte de Moncho Reboiras, cando se presenta un candidato a fillo predilecto dun concello, o normal o que dicta o sentido común, o que dicta a prudencia, é buscar un consenso, entre todas as sensibilidades políticas. Neste caso, non se fixo así, polo que máis que unha elección, é unha imposición, co risco que iso supón. Quen escoite ou lea a xustificación do señor Mariño, podería chegar á conclusión de que o movemento sindicalista, naceu da man de quen para o señor Mariño e algúns outros concelleiros, merece ser nomeado fillo predilecto de Dodro. E a política de branqueamento á que nos ten tristemente acostumados, primeiro señor Zapatero e agora o Señor Sánchez, que consiste en darlle a volta a historia, convertir en heroes a quen non teñen nada de heroe.

Fala o señor Bautista de poñer en valor o laboral, o social, a cultura, traballo heroico, liderado organizativo, accións propias desde a clandestinidade, papel destacado na rendición e movemento nacionalista galego... nada máis lonxe. O seu candidato a fillo, o seu candidato, a fillo predilecto de Dodro, formaba parte da Unión do Pobo Galego, da UPG que seguía e perseguía os ideais marxistas leninistas, máis extremos. E dentro de ese grupo da UPG, pois o seu candidato a fillo predilecto, comandaba un pequeno grupo que apostou pola loita armada. Loita armada, en absoluto democrático. Sábese, é sabido que para a formación desde grupo violento, mantivo contactos incluso con ETA, politica e militar. Que ese grupo foi o responsable de varios atracos, pero vostede prefire presentalo como un

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

perseguido polos seus ideais sindicalistas. Nada diso foi verdade e calquera que tivo contacto con el, llo pode acreditar. Era perseguido por ter feito atracos e polo seu carácter proclive a usar a violencia e ir armado. Nada noble houbo na sua loita, nin nada noble houbo no xeito en que pideu conseguir o seu propósito. Non loitaba pola liberdade nin pola democracia, quería impoñer a ditadura marxista leninista que tantos millos de persoas, se levou por diante. E quería impoñela usando a violencia. Non tivo éxito e o seu grupo desintegrouse despois da sua morte. A morte de Moncho Reboiras, tal é como sucedeu nunca debeu producirse daquel xeito, pero aquelas circunstancias, non xustifican que hoxe sexa proposto a fillo predilecto."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Grazas. Desde o noso grupo, queremos deixar claro, en primeiro lugar que o noso voto non pretende cuestionar a traxectoria persoal nin profesional da persoa que propón como fillo predilecto. Dito esto, creemos que a concesión do título de fillo predilecto, debe ter un carácter verdadeiramente excepcional, non pode convertirse nun recoñecemento repetido ou acumulativo, senón nunha distinción única e reservada a aqueles casos que representan un consenso indiscutible e un exemplo incuestionable, para toda a comunidade.*

Neste caso concreto, a persoa proposta, xa recibeu, no ano 2022, unha homenaxe moi relevante, por parte deste mesmo concello, cando se acordou poñer o seu nome a unha estrada do municipio. Ese senso, máis alá do simbólico, supuxo un recoñecemento institucional claro, visible e permanente. Por tanto, entendemos que volver a outorgar agora, un novo título honorífico a esa mesma persoa, resulta innecesario e en certo modo, desproporcionado respecto a outras figuras do concello que tamén contribuíron e contribúen, de forma destacada en distintos ámbitos e que aínda non recibiron ningún recoñecemento. Ademais, debemos ser conscientes de que este tipo de nombramentos deben de xur... perdón, deben de servir para unir e non para dividir. Se a proposta se nega a debate, ou non logra o apoio unánime, quizais o máis sensato e responsable, sexa non forzar a sua aprobación. Porque as distincións institucionais, deben reflexar o sentir colectivo, nas afinidades particulares. Non deben desde logo, centrarse é menos, na vontade dun grupo político.

Dende o noso grupo, creemos nun concello que recoñeza os méritos con xustiza, con prudencia e con equidade. E precisamente, por respecto á persoa proposta e á importancia que debe ter este título, pensamos que non procede aprobalo neste momento. En definitiva, votamos en contra, porque defendemos que as honras, deben de ser excepcionais, non reiterativas. Unánimes e non controvertidas. E xustas e non selectivas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Desde Unidade Veciñal de Dodro, vemos que está totalmente acaida. Non temos moito máis que decir, está plenamente xustificado polo instrutor. Lembrar que esta é unha proposta do goberno e que o señor Mariño é o instrutor, non é o que fai a proposta, non é o señor Mariño, é o goberno e*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

quen na vai a aprobar, vai ser o pleno municipal. Eu tamén quero aquí, entonar un mea culpa. Eu creo que... creo que esto debía, debía de ser... a primeira distinción deste tipo, debía de ser xa antes. Creo que chega algo tarde, debeu de ser antes. Pero bueno, eu tamén, nós estamos no goberno, entón entonamos o mea culpa. O sea que, está plenamente xustificado e imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG. como portavoz ahora, tes algo máis que añadir?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Vou intentar ser rápido e contestarlle a todos.*

Primeiro, evidentemente agradecer as formacións políticas de Unidade Veciñal, ao goberno do PSOE na figura dos seus portavoces e ao alcalde especialmente, o apoio desta proposta que me tocou a min indagar. Así como á familia, a UPG, á Fundación Moncho Reboiras, en especial a Suso Seixo. Á CIG e a todo o BNG e cantas persoas e institucións, me dirixín para conseguir os datos da memoria explicativa resumido. Gracias tamén, a asistencia neste salón e a través de internet, se funcionou, especialmente á familia que hoxe pode, canda tantos nacionalistas galegos, arroupar unha vez máis, ás memorias de Moncho Reboiras, para nós tamén, Pepe de Noia.

Grazas a que no anterior mandato estaba o BNG, hoxe contamos cun regulamento especial para honras e distincións que dispón agora, o Concello de Dodro e podemos traer a este pleno, asuntos enmarcados nunha lexislación, con luz e con taquígrafos que nunca antes o PP, se preocupara por telos, por certo.

En canto aos que botan de menos o franquismo, direilles que vou a citar simplemente 2 citas pequenas, podía traer máis pero, o tempo e o que é tamén. É como os cartos e di, a Organización das Nacións Unidas, di claramente que a rebelión é a única vía que lle queda aos pobos oprimidos. E cito unha resolución, a 39.1 do ano 46, 1946, da Asamblea Xeral que di: "en San Francisco, Potsdam e Londres, os pobos das Nacións Unidas, condenaron o réxime de Franco e decidiron que, mentras continuara ese réxime, España non ha de ser admitida no seno das Nacións Unidas."

Pero outra, moito despois, no ano 2010, o señor George Wilfred Talbot, embaixador de Brasil da Guyana na 85º sesión plenaria do 6 de Maio do 2010, di, a raíz da 2ª guerra mundial di: "Reflexionemos tamén, sobre o heroísmos dos que loitaron contra o flaxelo da guerra, da tiranía e da inxustiza. Moitos pagaron o prezo máximo, por unha causa máis altruísta e máis nobre, a causa da dignidade humana, a liberdade e a paz. Os seus camaradas, na mesma causa, asegurároнse, de que non morreran en vano."

Eu lamento, creo que como a maioría do pleno que a dereita-extrema e a extrema-dereita, continua encorada no recortes, como sufrimos acotío e que van, máis alá das infraestruturas galegas, máis alá dos recortes en sanidade, máis alá dos recortes en educación... Amósanse no pleno tal e como son. Agora, con recortes democráticos do recoñecemento, a un veciño asasinado polo franquismo, simplemente pola ideas destinadas ao ben de toda Galiza. Cando, curiosamente, en Ribeira, no ano 2013,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

inauguraba o Partido Popular, o Centro Social Manuel Lustres Rivas, nacionalista galego asasinado tamén polo franquismo. Fáganse ver iso.

Este portavoz municipal, e acabo. Este portavoz municipal do BNG, ten por costume apoiar, todos os actos municipais ou veciñais e acudir, sempre que pode, a eles; con independencia de quen senta na alcaldía. Darlle un último adeus a unha veciña, por exemplo, ou un veciño e formar parte da colectividade. Ou acaso, viron ó BNG, en contra da proposta da rúa Fortunato Cruces, en Lestrobe? Ou non recordan as invitacións e recoñecementos, a deportistas e escritores, como o noso Eusebio Lorenzo Baleirón, ao que se servidor, asiste sempre que pode? Ou o recoñecemento a Pepe Domingo Castaño? Que tanto mal lle fai o PP, recoñecer como fillo predilecto a título póstumo, a un veciño de Imo perseguido, asasinado polas costas e recoñecido así polo Estado, pola militancia nacionalista galega, distinta da sua militancia nacionalista española?
O de hoxe, é un acto necesario como recoñecemento, pero para ensinar ás futuras xeracións no respecto, como aquí se está demostrando, por parte da xente que si estivo atenta á exposición de motivos.

Demóstrano básico hoxe o Partido Socialista Obrero Español-PSdG, a Unidade Veciñal e BNG, isto. Para que nunca máis volvamos a sufrir o fascismo, aínda que hai xente que si que lle gustaría, parece ser. As mulleres e homes de Galiza e as nacionalistas do BNG, nunca saberemos tampouco, canto lle debemos ás persoas que foron perseguidas polo fascismo, no país e tamén ás de Dodro, nomeadamente a Xosé Ramón Reboiras Noia.

E para acabar, simplemente que, chamoume á atención cando a comisaria Vanesa Iglesias da exposición "A semente de vencer", inaugurou en Compostela, nun dos múltiples actos que seguen facéndose por Galiza, na mostra de 14 artistas, polo 50 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras, sorprendeume a obra de Andrea López, ou Andrea de Toba que creou ou ideou, como sería hoxe Moncho Reboiras. Unha recreación plástica.

Acabo abaixo di tamén "Pode o corpo ser vencido, pode o dereito ser torto, máis o lume que alampea, xamais o veredes morto". É un verso e está moito en consonancia.

Remato por fin. A recreación plástica, co que di o seu irmán Manolo, ao remate do filme, pre estreado na Lavandeira de Imo, como se recordou antes, Manolo di que hoxe non pode estar aquí acompañándonos "Pepe morreu, pero Moncho, segue vivo". Moitas grazas señor alcalde."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Último turno, ao portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que lle recordo, ao portavoz de, da Agrupación de Xente de Dodro, que como moi ben dixo o compañeiro Xoán Xosé Vicente que a proposta é do alcalde. Non é tampouco do goberno, as propostas para ben, ou pa mal, asínaas o alcalde. Gracias Moncho, remata."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A raíz da convocatoria deste pleno, donde iba un dos puntos da orden do día, este que estamos debatindo, xurdeu por parte dalgunha agrupación, agrupación municipal, presente neste pleno, conceptos como psicopatía, para decirlle o significado de psicopatía, a ver si da en esa persona, é un trastorno de personalidade, caracterizado por unha anomalía de orden psicolóxico, na que as funcións perceptivas e mentais, non se ven maiormente afectadas, pero se advirten alteracións graves de conducta social, da persona. Decirlle algúns dos rasgos comúns, dos cales é necesario que se den 3 deles:*

1) Cruel despreocupación polos sentimentos dos demais, falta de capacidade de empatía que creo que xa lle da.

Actitude marcada e persistente da responsabilidade e despreocupación polas normas, regras e obrigas sociais.

c) Incapacidade para manter relacións persoais e duradeiras.
d) Moi baixa tolerancia a frustración, ou baixo umbral para descarga de agresividade, dando incluso lugar a comportamento violento.

e) Incapacidade para sentir culpa e para aprender da experiencia, en particular, do castigo.

f) Marcada predisposición a culpar aos demais e ofrecer racionalizaciones verosímiles do comportamento conflictivo. Esta vaille moi ben.

E despois, hai outro que falaba de... con respecto a esta distinción que se está a facer, falaba dun... falábase sobre unha placa e quero lembrar que, no mes de decembro do ano 2019, aprobouse unha moción de do Partido Socialista de Galicia, PSOE, donde un dos acordos dicía: "Animar ao voceiro do Partido Popular, daquela había unión neste Concello, a que reúna a todos os concelleiros dos partidos políticos, para tratar de chegar a un acordo, sobre o mellor lugar posible para colocar a placa e se é o caso, designar algún lugar, co nome de Don José Fernando Vila Brión. O da placa, saben máis eles que nós."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias Moncho. Esta última intervención, ven o caso de que gracias os partidos políticos que parece que vamos a aprobar hoxe esta... este nomeamento de Moncho Reboiras, como fillo predilecto, e a min como alcalde, o que me toca nos últimos 6 anos, aínda así 6 anos, de dignificación de persoeiros do noso concello. Espero seguir facéndoo, polo menos, hasta maio do 27, porque tamén estou dacordo coa voceira do Partido Popular que hai moitas máis persoas que merecen unha distinción. Que o concello de Dodro sexa, estea orgulloso e sexa a digno cos seus veciños. Que recoñeza unha morte por atrás, dun loitador pola liberdade, sin entrar en moitos máis méritos, me parece... me parece, importante. É máis, posiblemente, eu sempre digo así, se lle preguntáramos a Moncho, houbese preferido que non o nomeásemos fillo predilecto e que estuvese aquí con nós hoxe, celebrando calquera outra cousa menos o tal...*

É moi, é moi bonito, intentar defender o indefendible, pero realmente, penso que hoxe, os partidos políticos situados nunha parte do... da ideoloxía, non acertan con está decisión.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Espero que... bueno, espero que nos siguientes intentos que teñamos, de nomear a persoeiros ou dignificar aos nosos veciños, teñamos algo máis de dignidade, como si se demostrou, desde que estamos aquí, algún de nós fai moitos anos na oposición. Vamos a proceder a votación."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

Sendo as 21:40 abandonan a sala de sesións os concelleiros Valentín Alfonsín Somoza e Sergio José Boga Gómez.

C) MOCIÓNS:

C.1. MOCIÓNS ORDINARIAS

10. MOCIÓN DO PP DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

Mª Soledad Boga Grela, como voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciables que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresión sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas. A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.
Por todo o exposto, o Grupo municipal do Partido Popular de Dodro propón o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Dodro a:

🕐 Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación cos servizos sociais e sanitarios.
🕐 Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.
🕐 Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGén, se integren no mesmo.
🕐 Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
🕐 Promover, a través das actividades municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
🕐 Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

- Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.
- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código Penal, Lei de Enxuizamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.
- Adoptar medidas concretas para paliar a revictimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.
- Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

Procede a continuación a voceira do Partido Popular á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Vámoslle dar un turno aos portavoces. Portavoz de do Partido Socialista de Galicia. "*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Sorpréndeme que a voceira do Partido Popular do Popular, representante do Partido Popular de España que fai pactos con VOX que traia unha moción deste tipo a un pleno municipal. Eu diríalle que máis ben que... estamos de acordo co espíritu da moción, pero non no seu contido. Polo cal, polo tanto, o noso grupo grupo Socialista, vai votar en contra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular. Bueno, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, nós estamos a favor da proposta do Partido Popular, antes de... Non sabemos por que non se trae esta proposta ou sea, non a do Partido Popular simple... a da FEGAMP, por exemplo, unha unha declaración institucional que se podía traer hoxe aquí e asinar, bueno aprobalo no pleno, a da FEGAMP, non sabemos por que non se trae e podiámola asinar de feito unánime.*

Tamén lembrarlle que... ao PP, imaxino que esta proposta a levaran os cento e pico concellos que gobernan con VOX non? Tamén negan, negan a violencia, esta vana a levar a todos os seus concellos. En Valencia, están negociando tamén, este tipo de... bueno, vale, pois mellor. A ver si lla aproban tamén os de VOX. Nós aquí, no concello, a Unidade de Dodro vaina a aprobar , eso seguro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Pois tamén no sentido que acabamos de escoitar, pareceume demasiado longo, eu creo que aínda que non esteamos todos de acordo no que é os puntos que madre mía... a de puntos que leu no dos acordos. Eu resumiría lle, eu resumiría llo en tres:*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1) Atender o sinalado polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización na Comunidade Autónoma

2) Xa o dixo que esta aí moi ben. Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentarios, porque esto é coma todo, sen cartos non se pode facer nada. Desgraciadamente, tamén estamos aí atrapados sempre, polos cartos e desde logo

3) Reinternalizar no sistema público os centos, perdón, os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo.

Insisto, coincidimos co corpo da... co corpo da moción. É un pouco chocante que non poidamos ter algunha proposta conxunta porque é o pleno ordinario. É certo que se debate ahora, esta moción do Partido Popular. Eu creo que, pese a que ao mellor haxa discrepancias nos puntos, si que ninguén está en contra desta conmemoración do Día internacional contra a eliminación da violencia contra as mulleres."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, gracias. Bueno, voulle respostar primeiro, a cada un dos portavoces.*

O portavoz do PSOE, non di no que non están a favor, nin din do que lle parece mal, van a votar en contra e punto. Eu creo que debería de volver a ler a moción.

O portavoz de Unidade Veciñal, dime se a vamos a presentar nos concellos donde esta VOX, home eu non o sei, nos presentámola no concello de Dodro. Si lles parece ben, apróbana e se non lles parece ben, non a aproban. Eu creo que debe ser unánime, loitar todos xuntos contra contra esta lacra. E de feito, a este pleno municipal no mes de novembro, durante moitos anos, traíase unha declaración institucional para ser aprobada polo pleno.

O alcalde no punto 4 de dación de contas de asuntos do día dixo que o día 25 de novembro, senón entendín mal eh! Bueno, pois iban a ter unha declaración institucional que era da FEGAMP. Home, o lóxico, sería que a trouxera a este pleno, xa que estamos no mes de novembro e antes do día 25, e entre todos, aprobaramos a declaracións institucional que ese día se vai a ler, sería o lóxico. E de feito, pois eu, solicitaríalle, si pode ser que se incluirá un punto urxente na orden do día deste pleno e si a teñen a man, a puideran ler e a puideramos aprobar entre todos. Creo que sería o lóxico e o coherente.

O BNG, bueno dime que é moi longa. Si é moi longa, porque é un tema serio, hai que facer moitas cousas... Vostede dime, eu traería tres puntos, bueno pero vostede, vostede non trouxo unha moción, nin trouxo unha proposta, nin truoxo unha declaración institucional. Entón, bueno dime hai que ter cartos. Pois mire, a maioría das cousas que se piden aquí, ao concello de Dodro, xa se están facendo, o único que se pide é continuidade, o único que se pide é que se siga traballando nese senso, porque creo que se esta traballando ben, creo que se están facendo as cousas ben. Pero hai que seguir traballando en ese sentido, para que non sigan ocurrindo o tipo de cousas que esta pasando, non?

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Solicítolle ao alcalde que incluía un punto urxente, para aprobar esa declaración institucional que mencionou ao principio. A verdá, é que nós, non temos nada máis que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, pois antes de pasar á votación da moción, decirlle, como moi ben vostede dixo, explicarlle porque non vamos a votar esto. Porque todo ao que vostede insta ao concello de Dodro, xa o está facendo o concello de Dodro, todo. Melloramos a capacidade de atención temperá. Facilitamos, na medida do posible que o personal municipal, estén preparados para evitar os posibles casos de violencia encuberta. Promovemos campañas. Formamos parte do sistema Viogen, desenvolvemos campañas divulgativas. Promovemos a través de actividades municipales, esta semana este mes todo, accións dirixidas a este colectivo. Impulsamos as Mesa Local... É dicir, que si vostede retirara esto, pois poderiámolo pensar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Prefiro mantelo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón. Bueno, estoulle decindo poderiámolo pensar. Este é un tema de transacción, estou decindo que si vostedes retiran esto podemos pensar en votar a favor, si non nada. Pero bueno, en todo caso, o que estamos decindo aquí é a esta moción e non hai máis que falar. Procedemos a votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non me respostou á petición que lle fixen."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero é que non é petición agora. Estamos discutindo unha moción."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero no argumento meu, eu soliciteille si se podía incluír..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero non é o momento."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non o aceptan."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non é o momento."*

11. MOCIÓN DO BNG DE ACONDICIONAMENTO DA EIRA DA MALLA DE BEXO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

Xoán Bautista Mariño Abuín, concelleiro portavoz do BNG na Corporación de Dodro, presenta a seguinte

Moción para solicitar o acondicionamento da Eira da Malla de Bexo
Exposición de motivos

A Eira da Malla é un espazo centenario da aldea de Bexo. Desde o pasado século converteuse no lugar onde se realizaban unha das tarefas agrarias máis importantes como era a malla de trigo, avea e centeo maioritariamente. Tamén, fóra desta actividade, foi sempre un dos lugares de reunión para toda a aldea.

Desde a súa utilización comunal agraria ata agora nunca deixou de utilizarse. A mediados do século pasado a veciñanza dirixidas polo señor Ramón de Bouzón, entre outros, puxeron parte do empedrado rústico para facilitar a malla e uns erguedeiros na parte alta para separar mellor o gran da casca con máquina movida manualmente; xa no último cuarto do século XX modernizouse coa máquina galega CAMPEVA movida polo motor dun tractor.

O entorno complétase con graneiras. Dúas graneiras de cinco claros da desaparecida familia Carlés agora de varios veciños e outra de catro claros na propiedade dos Buela.

A eira continúa sendo multifuncional pois desaparecida a malla segue a ser o conxunto -duns 500 m2- empregado para xogos populares como trompo, estornela, guá, cinto, a goma, o pano, á onilla, o peixe, ... e reunións veciñais, municipais ou de asociacións así

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

como un dos primeiros sitios da aldea onde se facían as festas ao longo de todo o ano.

Trátase pois dun lugar emblemático para a aldea e recoñecido en todo o municipio polo seu valor Patrimonial.

Nunca ata agora se fixo unha actuación grande para mellorar desde os accesos ata o propio conxunto e realzar así todos os elementos que forman parte do noso patrimonio agrario, cultural e etnográfico. Así o reclaman visitantes pero sobre todo veciñanza, asociacións e colectivos que usan este representativo lugar da aldea de Bexo.

Por todo isto o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao goberno do concello de Dodro a solicitar o PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN ESPECIAL SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL PÚBLICO OU DE XESTIÓN MUNICIPAL NO ANO 2026 (DP0045/2026) da Deputación da Coruña BOP NÚMERO 197 MÉRCORES, 15 DE OUTUBRO DE 2025,

2.- Que o goberno continúe con accións encamiñadas á preservar o noso rico patrimonio en todo o concello antes de que desapareza.

Procede a continuación o voceiro do Bloque Nacionalista Galego á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia . O seu turno, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, bueno. Esta moción é semellante a outra que presentará a VD no seu día. Nós, non nos parece mal unha actuación na Eira da Malla, tanto que sea por petición da Unidade Veciñal de Dodro, como do BNG e Contando siempre que si, fai falta os recursos para poder acometer esa actuación. Tamén, dentro da idea do Partido Socialista, está en, estamos en rehabilitar esa Eira de Malla.*

En canto os acordos a adoptar, polo menos, non sei si esa actuación, cabe dentro do programa de subvencións da diputación, esta concretamente, porque unha das condicións que ten que ser, ten que estar catalogado o inventariado... penso que non cabe e ten tamén, un importe do orzamento, mínimo, de 30.000 euros, de 30.000 euros. Temos, hai outra actuación, como é a da reparación do Cruceiro do Botafado ou Botagal de Teaio que tamén a primeira parte do que digo, si que si que cumple, pero a segunda do orzamento, non acada esa cantidade y e ese é o problema. Si esta actuación, puidera ser incluída nisto, pois entonces, podíamos quizás, se votamos os dous, si que se podía acometer."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. O nos grupo quere lembrar que*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

este ano, xa lle pedimos ao equipo de goberno que incluíran nas obras do POS deste ano, o arranxo da Eira da Malla, así que agradecemos o seu interés, aínda que chegue un pouco tarde. Este punto, xa está enriba da mesa, grazas a iniciativa de outros, non pola súa precisamente. Parece que algúns, chegan sempre cando o traballo está feito, para ver si cae algo de protagonismo. Porque ademais, outro grupo da oposición, Unidade Veciñal, xa había presentado unha moción neste senso.

Por outra banda, nós non imos decirlle ao Concello que subvencións ten que pedir, esa responsabilidade é do equipo de goberno. Que eles saben, xa saben, ou deberían de saber, as necesidades que ten o Concello e o que queren, ou deben pedir, en cada unha das súas subvencións que salen publicadas. Porque ademais desta subvención que vostede fala, e nós mirámolo, vostede igual non a mirou, pero nós mirámola, o prazo acaba o venres. Non ten cabida, non ten cabida, como dixo o portavoz do PSOE."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Acaba en xaneiro mulleriña, acaba en xaneiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, non é un debate. Por favor, remate vostede."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non ten cabida o arranxo da Eira da malla aquí, porque posiblemente a denegarán. De todas maneiras, nós non somos quen de decirlle ao Concello as subvencións que ten que pedir, solo faltaría, porque non estamos aquí para facerlles o traballo, nin para sacar titulares fáciles. E sinceramente, da a impresión de que vostedes van sempre un pouco a rebufo dos demais, copiando ideas, sen ter unha resposta propia, nin unha liña clara de traballo. O único que saben decir é Partido Popular, Partido Popular, digamos ou non digamos, nos mencionan sempre. A veces, terían que escoitar as nosas intervencións para podernos respostar o que decimos, porque xa pasou hoxe en algún punto. E ademais, delátase vostede solo, porque mire, na intervención súa do punto 7 dixo textualmente: "Dicen vostedes, os da oposición, din vostedes os da oposición". Punto 7, se non despois revise a gravación. Eu pensei que vostede tamén estaba na oposición, pero creo debo de estar algo confundida.*

Mire se queren ser útiles o primeiro, é ter iniciativa e non vir aquí á costa do que fan os demais. Nada máis que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Ben, eu creo que tampouco cabe, vóuvolo explicar na subvención esta. E de feito agradecemos, por fin ao BNG de Dodro que vexa a necesidade do arranxo da Eira da Malla en Bexo. Xa que no Pleno de marzo deste ano, cando a Unidade Veciñal de Dodro presentou unha proposta para que este goberno se comprometerá ao seu arranxo e que se aprobou por unanimidade, o portavoz do BNG dixo literalmente, "ninguén nos transmitiu ao BNG que houbera una necesidade imperiosa de acometer esas obras, e ao BNG, non lle queda nada claro que pinta aquí a Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño" que fora a que mandara... bueno, o que*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mandara un escrito daquela.

Ahora, parece que de repente reclaman, ou reclaman as obras, o reclaman os visitantes, sobre todo a veciñanza, asociacións e colectivos que usan este representativo lugar da aldea de Bexo, según di o corpo desta moción.

Estas actuacións, levan moitos anos reclamándoas a veciñanza de Bexo, a través sobre todo, da Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño que presentou escrito no Concello para o seu arranxo.

Dende a Unidade Veciñal de Dodro, pensamos que esta subvención á que se refire o acordo, non se axusta ás bases da mesma, polos siguientes seguintes motivos:

O que dixo antes o portavoz do PSOE, pero voullo aclarar. No punto da base 23.1 di "Os tipos de bens sobre os que se pode realizar os investimentos son: espazos públicos e inmobles con valor histórico-artístico ou cultural, con valor tipolóxico e etnográfico e dos elementos integrados nos mesmos, que sexan bens declarados BIC ou catalogados". A Eira de Bexo, non está declarada como conxunto histórico-artístico, como si tamén o están as aldeas de Castro , Pexegueiro, Traxeito ou a Eira da Lavandeira que tamén esta declarada conxunto histórico.

Aínda que segundo o PXOM de Dodro, aínda que as graneiras que se atopen alí sean BIC, non son de titularidade pública, como exixe o punto seguinte.

A titularidade do ben: bens inmobles e patrimoniais, de carácter pública e titularidade municipal, polo que nos din os veciños de Bexo, o portavoz do BNG ten que sabelo, a titularidade das graneiras é polo menos, de 7 familias que serían quen terían que iniciar o proceso de cesión temporal ao Concello, con todos os documentos de propiedade, debidamente rexistrados e validados, pola Secretaría do Concello para, posteriormente, ser aprobada nunha sesión plenaria. O mesmo proceso que se levou a cabo no Hórreo do Arco de Castro. Basicamente que levou, levou os trámites burocráticos, casi 1 ano e medio.

Non temos constancia, a día de hoxe que ningún propietarios dos hórreos, iniciará a actuación de cesión ao Concello e non vemos, a este goberno, precisamente moi interesado en iniciar o proceso este.

A Aldea de Castro, está declarada conxunto histórico e o Hórreo do Arco, é un ben de interese cultural BIC e o Lavadoiro, podía entrar dentro desta actividade, desta subvención, como di o punto 223. Tipos e obxectos da subvención. Actuación de mellora da imaxe urbana sobre o espacio público e edificación pública, en centros urbanos históricos, declarados BIC. O Hórreo do Arco. Dentro do seu ámbito delimitado como BIC, o Lavadoiro do Castro é o único que queda, en todo o Concello, sen arranxar e que é unha mostra de feísmo rural dun entorno como é o Hórreo e o seu ámbito delimitado . Ante a posibilidade de que esta subvención non sexa atendida, por non encaixar nas bases da subvención e debido a un concello pode presentar varias actuacións, como di, como di o a base 6 da convocatoria "Cada concello poderá presentar varias actuacións, con solicitude individual por actuación, dentro do plazo da convocatoria".

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A Unidade Veciñal de Dodro, pediríalle ao goberno que solicite estas 2 actuacións ou 3, as que queiran, para a eira da Malla que a pida para a Eira da Malla, para o Lavadorio de Castro e como quen di, tamén para o cruceiro de Botafalo de Teaio. Polo menos, a ver se nos dan unha.

Ante todo o anterior e as serias dúbidas de que encaixe na subvención, a actuación da Eira da Malla e xa que o acordo, non específica en que lugar se actuará, porque no acordo non di en que lugar se actuará, pode valer para todos os lugares. A Unidade Veciñal de Dodro, votará a favor da moción, pois vemos que a intención do arranxo deste lugar, é o mesmo que tiñamos nós no mes de marzo, cando presentamos a moción. E que todas estas iniciativas son boas para preservar o patrimonio cultural. Imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Nós imos a votar a favor, evidentemente, pero bueno, unha última intervención. Si queres"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Nada máis que dar as grazas, porque efectivamente, é o mesmo que se que se trouxo aquí e estábamos todos a favor, incluso houbo unha emenda do Partido Popular para sumarse á moción que traía a Unidade Veciñal.*
Nós vimos que ata, dende aquela ata agora, non se movera ficha, no que era o facer un proxecto para arranxar, en este caso, a Eira da Malla.

O prazo non se acaba agora, hai máis prazo. Continúa, continúa en xaneiro e creo que se vai a ampliar. O que nos dixeron desde a Deputación é que a Eira da Malla de Bexo, si podería entrar e tamén é certo, outra cousa que o concello de Dodro, debería, o sea, ten que poñer un 20 %, creo recordar, do orzamento. Si falamos de 30.000 euros, mínimo serían 6.000 euros. 50.000 euros. Estamos falando de algo que evidentemente, non é única e exclusivamente o que digamos se ve, se non que a novidade para isto, é que os veciños poden ter arranxadas as graneiras, e polo tanto, poden, mediante a propia, o propio programa, unha cesión a 10 anos, que hai que iniciar ese trámite. Loxicamente, o goberno é o que debería de facer iso, e mediante unha cesión de 10 anos, o que é a Deputación, mediante este plan, arranxaría as graneiras, tal e como están, e iso é o que nós transmitiron desde a Diputación.

E en todo caso, nós o que facemos é continuar o que se votou aquí. Votamos daquela a favor, vamos a votar ahora a favor, e agradecemos, por suposto que rememos todos coma agora. E a min encántame que rememos todos no no sentido de facer, non soamente da Eira da Malla, como dixemos daquela, non dixemos única e exclusivamente de que tiñamos dúbidas, no.

O que dixemos ao principio que non mencionou, o portavoz de Unidade Veciñal é que nos parece moi ben o corpo da moción, é necesaria, non só a Eira da Malla, se non todas as eiras. É certo que os bancos que están alí xa se deterioraron... E decir, que empezamos decindo tamén, cal era a realidade e non nos quedamos, ou non nos quedemos só, co que tiñamos dúbidas de que pintaba, e seguímolo decindo. Que pintaba aquí, a Asociación de Veciños, cando realmente necesitamos cartos e propostas, coma esta. Que hai cartos,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ahora si podemos decir que temos cartos para poder desenvolver unha actuación así. Que creo que a ninguén, polo que acabo de escoitar, a ninguén lle vai a parecer mal. Grazas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Pois eu ahora para e rematar e pasar á votación, xa parece que o resultado esta máis ou menos tal. Quería recordarlles, a todos os aquí presentes que por parte deste goberno e por parte deste Concello, vanse afrontar, todas as actuacións que sexan de patrimonio.*

Primeiro que sexan de propiedade municipal. Non queda claro que a Eira da Malla, conste como propiedade municipal, non esta no inventario, nin consta en ningún lado, nin en catastro, como do concello de Dodro. Polo tanto, vai ser moi complicado que podamos facer ningunha actuación aquí. De feito, xa se mirou y estamos vendo que isto é imposible.

Segundo, como moi ben dixo o portavoz do BNG, fai falta o 20% para esta actuación que vostede calcula en 30.000 que podía ser perfectamente 50.000 e que sería xa 10.000 euros . E vostede aumentou, máis actuacións, recordo a Lavandeira ect., ect., ect., Lavadoiro e tal e cual.

Vale, eu recordo que acabamos de deixar atrás, no punto 8 do pleno de hoxe que temos unha taxa que, un servizo que nos vai costar 143.000 euros e que temos 80.000 para pagalo. O sea, vámoslle ter que arrimar aquí, non sei, que vamos a ter que negociar ...

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si cobraran o ICIO ás empresas..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno estou decindo, estou decindo que fai un rato..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si se lle cobran os impostos as empresas..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é o que pasou hoxe."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"O problema é que non o cobran."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é o que pasou hoxe."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"É así estamos..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é o que pasou hoxe."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A dúas velas...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Vicente."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a ver, esto é o que temos ahora mismo*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

encima da mesa. Entón nós a vamos a votar a favor, igual, vamos a ver de donde sacamos os cartos. Eu desde logo, nin creo eu, nin o tenente alcalde, nin a concelleira de servicios sociales, vamos a poder poñelo. Xa bastante estamos aquí como estamos. Vamos a votar a favor."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mocións urxentes, aquí a petición... si lles parece, o texto da moción sería o seguinte. si vos parece, presentar unha moción."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"É o da FEGAMP."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Moción?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro *Tourís*: *"Si, si."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non era declaración institucional."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A moción sería: Aprobar a declaración institucional da FEGAMP. E o punto ahora, de traelo. Parécelles urxente aos portavoces de aquí a urxencia? Hai que declaralo xa, a primeiro hai que ler a moción non?"*

Intervén a secretaria que procede a ler o que indica o ROM respecto das mocións de urxencia "*O ROM que di que as mocións de urxencia, son as propostas que se someten directamente o coñecemento do pleno por razóns de urxencia e deberán formularse por escrito entregarse a presidencia, como mínimo 8 horas antes da realización do pleno. Non obstante, hai unha pequena opción que di: "se a urxencia está motivada por acontecementos relevantes e imprevisibles, poderán presentarse moción in voce que serán anunciadas a presidencia durante a realización da sesión plenaria. Bueno o pleno é soberano, o que pon o regulamento é isto, a única opción sería moción in voce, no que fala de acontecementos relevantes e imprevisibles."*

Falan varios á vez de xeito inintelixible.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A moción teñoa aquí. A declaración institucional que antes vos preocupaba, está aquí. Se aproban a urxencia da moción in voce ou non. Esto xa é cuestión de cada un."*

Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte proposta na orde do día, con resultado de unanimidade de todos os membros do Pleno.

Asunto: APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE DODRO CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Ratificada a inclusión na orde do día, o Alcalde inicia o debate sobre a proposta, a cal se inclúe completa.

12. APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE DODRO CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE DODRO CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA

25 de novembro de 2025 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra As Mulleres

Dende o rexeitamento e condena unánime á violencia machista que sofren as mulleres, o municipalismo galego conmemora este 25 de novembro lembrando ás tres irmás activistas da República Dominicana, asasinadas e inspiradoras desta data internacional. Facémolo nas portas dos nosos Concellos e Deputacións, pero tamén nas rúas, nas prazas, nos centros educativos e nos lugares de traballo.

Os concellos e deputacións galegas somos conscientes da urxencia de erradicar unha violencia que, polo feito de ser mulleres, continúa a ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso firme e irrenunciable para poñer fin á violencia contra as mulleres.

Como recolle o Convenio do Consello de Europa —Convenio de Istambul—, “a natureza estrutural da violencia contra as mulleres está baseada no xénero, e constitúe un dos mecanismos polos que se mantén ás mulleres nunha posición de subordinación respecto dos homes”. Este ano cúmprense 30 anos da IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995), un fito histórico na defensa da igualdade. Alí, 30.000 persoas e representantes de 189 gobernos afirmaron que a violencia de xénero nace de pautas culturais que perpetúan a inferioridade das mulleres e que a súa erradicación é esencial para a igualdade, o desenvolvemento e a paz.

En 2025, 32 mulleres foron asasinadas no Estado polas súas parellas, dúas delas en Galicia. Ademais, tres menores foron asasinados en contextos de violencia de xénero, sumando xa 65 dende 2003. O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial advirte dun incremento do 5 % nas denuncias en Galicia respecto ao ano anterior.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Por todo isto, hoxe e cada día do ano, a federación galega de municipios e provincias, FEGAMP, manifesta a súa máis rotunda condena ante todas as formas de violencia contra as mulleres. Condenamos cada acto, a cada agresor, e tamén a quen nega, minimiza ou xustifica a existencia desta violencia. O negacionismo non só fere a memoria das vítimas, senón que desprotexe ás que sofren e debilita o compromiso social necesario para combatela. Negar ou relativizar a violencia machista é contribuír á súa persistencia, e fronte a iso as institucións galegas deben manterse firmes, unidas e comprometidas.

Sabemos que a desigualdade estrutural segue presente nas vidas das mulleres. Os estereotipos e patróns de xénero continúan nos ámbitos da economía, da cultura, da política e do deporte, atacando o corazón mesmo da liberdade e da democracia. A súa expresión máis cruel é a violencia de xénero, alicerzada nun sistema patriarcal que perpetúa o control e a desigualdade.

Debemos erguer a voz por aquelas mulleres que atopan máis barreiras para acceder á información e á protección: mulleres con discapacidade, maiores, migrantes ou que non dominan as nosas linguas. Seguiremos traballando para garantir os seus dereitos con servizos e recursos adecuados, en condicións de plena igualdade.

En Galicia, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, así como todo o persoal municipal, póñense a carón das vítimas e das súas familias para dicirlles que non permitirán que se vulnere o principio de igualdade nin se normalice esta violencia, un crime contra os dereitos humanos que nos empobrece como sociedade.

Contamos cun amplo marco legal, xudicial e de protección —a Lei Orgánica 1/2004, a Lei galega 11/2007 e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero— que debemos seguir reforzando tamén dende o ámbito local.

Finalmente,a FEGAMP quere recoñecer o compromiso da cidadanía galega na loita contra a violencia machista, animando a actuar con unidade e a rexeitar con firmeza os comportamentos violentos e a quen os ampara. Ás mulleres dicímoslles, con toda convicción: hai saída, e non están soas. Nin hoxe, nin nunca.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta é a declaración da FEGAMP, que se lles parece , como moción de urxencia, será leida, tal e coma dixen eu no punto cuarto, o día 25 de novembro, no balcón do Concello ou na praza do Concello."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

D) CONTROL DO GOBERNO:

13. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos

Non hai.

Rogos orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algún rogo oral?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si eu, un."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Simplemente, rogarlle ao goberno eso. Que solicite o programa este, de subvencións a concellos para realizar actuacións da... do especial sobre o patrimonio cultural público do que falamos antes. Rógolle ao Concello que soliciten esa subvención."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, anotado queda. Algún rogo máis?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, Si."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Rogo oral, referindo ao que aprobamos nos primeiros punto lixo, auga e..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O lixo non o aprobamos."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"No, o lixo non o aprobamos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Alcantarillado."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Alcantarillado e auga si. Insistir no tema da empresa que.. o que nos pide e nos transmite a cidadanía e que, haxa avisos para cando hai cortes de auga que se poidan enterar. E que tamén, que haxa unha maior limpeza dos sumidoiros."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois transmitímosllo a empresa concesionaria. Non hay máis rogos?"*

Preguntas escritas

Non hai

Preguntas orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Preguntas orais? Algunha?*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Si.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Temos dúas. A primeira: Queremos saber, en que fase está a modificación do PXOM, da área urbanizable de Bexo? Que xa se preguntou aquí, por varios grupos políticos distintos, en varias ocasións. E queriamos saber como estaban. E saber si van a tardar moito, en traela a pleno para a súa aprobación inicial?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. Bueno, esta modificación, falouse con urbanismo e é o núcleo, a transformación sería no núcleo a Revoltiña, no?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista galego: "*Si. A Revoltiña*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Encargóuselle unha primeira.. estudio ao Estudio Técnico Galego, o primeiro estudio está casi rematado, pero o problema é que costa 12.000 euros, calquer cambio de PXOM y estamos vendo de donde o sacamos. Visto o que pasou no punto 10 da orden do día, hai un rato..."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Que paguen as empresas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Os orzamentos, os orzamentos son os que son. A pasta sale de onde sale, e despois de todo esto, vamos a ver se a Revoltiña somos capaces de sacar 12.000 euros máis, unidos aos 10.000 para a Eira de Bexo, e moitas máis cousas que fan falta. Algunha outra pregunta máis?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, outra. Fáltannos actas de plenos anteriores, pero fáltannos actas de fai un ano, concretamente a acta do pleno do 14 de Novembro do 2024, non a temos. Fáltanos tamén, a do 14 de xaneiro desde ano, a do 14 de maio, a de xullo. Queriamos saber, cando poderán envialas para a súa comprobación? Porque, desde fai un ano, creemos que...?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois esperamos, esperamos que sexa pronto. Esperamos que sexa pronto. Algunha pregunta máis?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, nós."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"si. Nós claro, para ter as actas, non soamente as podemos ver nós, tíñaas que ver tamén, a veciñanza. Pero non temos onde colgalas, eso é o malo. Porque, vai casi... ahora, vai a pregunta, vai casi un ano sin páxina web e toda a veciñanza, asume este feito como normal. Debemos ser único caso, de toda Galicia que non conta páxina web. Unha páxina web é fundamental, mesmo nun Concello rural pequeno, como é Dodro, porque permite facilitar a información, trámites, interaccións coa veciñanza, mellorando a transparencia, a eficiencia e o acceso aos servizos municipais. Por exemplo, ahora mesmo, é imposible ter acceso as actas, o que decía antes a portavoz do Partido Popular, dos plenos e da Xunta de Goberno, á veciñanza do concello. Xa no pleno de xullo de 2024, presentamos unha moción para mellorar a páxina, para mellorala, a que dispoñía; que estaba totalmente desfasada. A resposta do alcalde foi que estaban traballando no tema coa Deputación. O resultado desde traballo, polo que vemos, foi que en xaneiro deste ano, a páxina web do concello de Dodro, pechou definitivamente. E así levamos un ano. Pode decirnos en que fase do traballo, está este deseño da páxina web do Concello? e cando a prevén inaugurar ?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois a fase, a fase exactamente é, o alcalde dicta unha providencia aos servizos de tesourería e intervención, do Concello que xa fixo, para que preparen un prego, para poder contratar unha, unha... e non recibeu, o alcalde. Esa... ese prego dos servicios de aquí. A parte, tamén creo que temos problemas de tesourería sobre esa pasta, produto do que pasou no punto 10 do..."*

Falan varias persoas á vez de xeito inintelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entón...Algunha pregunta máis? Algunha pregunta máis?, algunha pregunta máis."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Falan varias persoas á vez de xeito inintelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois basicamente... Perdón, por favor esperen, esto non é, esto non é un debate. Algunha pregunta máis?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, unha para acabar. Na resolución da alcaldía, de levantamento de reparo, aprobación de gastos e ordenamento de pago de facturas, a relación F2025/11, figura unha factura de Joyería Ribeiro coa denominación "Trofeos para a xuntanza de vehículos clásicos e históricos do concello de Dodro", Esta actividade, non tivo difusión nas redes nin a través da cartelaría, e eu... nin os coches, nin nada... Eu non vin nada, nin creo que o vira ninguén. Pode decirnos donde se celebrou a xuntanza? E por onde foi a caravana de vehículos ao paso por Dodro?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois...vaiche contestar o concelleiro, tenente alcalde, que foi o encargado de..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Foi."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Canto foi o importe dese trofeo?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non, aquí non o vin ahora."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Bueno, no sei pero que foron 50, euros ou algo así?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"60, 60."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah vale, vale bueno, para que non..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Da igual, era por saber."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa, xa. Pero bueno, eu e para que..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Como non houbo difusión algunha nas redes,,."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Como falabamos da páxina web..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"E para o ano, saber donde vai ser."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vamos a ver. Foi unha petición."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que non se malinterprete..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Da organización dos*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

coches antigos... que van, que recorren... bueno toda Galicia. Van a certames deses..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por Lestrobe pasaron ."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"O acto en si, donde terminou a entrega de trofeos, foi en... foi no Hotel Scala y o precio, se queres dígollo precio, rondou os 60 euros, pero non creo que chegou a eles. Y bueno, outra cousa máis, non lle podo decir."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Yo no me creo esto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pasaron, pasaron, Pasou algún por Lestrobe?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu, eu vinos pasar."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Ahh"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu vinos pasar."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si que pasou, si que pasou."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu vinos pasar."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Si que pasaron."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"E e fíxose difusión de de esto?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son varias preguntas xa."*

Falan varias persoas á vez de xeito inintelixible

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Son moitas preguntas..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Claro é rematou o pleno de hoxe. Gracias por vir e esperamos ter máis sorte no próximo."*

Ás 22:22 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro,documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:44:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: TUbr/TZaL/U02pFUPUBr Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/